EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 10 DE NOVEMBRO DE 2010**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS:
D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ)

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña.Laura Miguez Pérez
Dña. Teresa Perez Vieira
D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE)

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D. Roberto C. Valverde Sabin

NON ASISTIU: Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a dez de novembro de dous mil dez, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as dezaseis horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DEL ACTA ANTERIOR.**
**Acta de 7 de outubro de 2010.**

O Sr.Alcalde pregunta se hai algún comentario á devandita acta, producíndose as seguintes observacións:

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Na páx. 34 no último parágrafo pon: "***SR.ALCALDE.****- Deixame rematar a intervención. Sr.Vilar, vostede ten razón, en Gondomar ....*"; non foi o Alcalde que fixo a intervención, fun eu.
Na páx. 45, cando fixen a pregunta dos traballadores, dí: "***Sr. Alcalde:*** *Puedo darle cifras concretas de la Interventora y de la Secretaria*", pero é que sí me deu as cifras e non aparecen na acta. E despois na páxina seguinte dí: "***Sr. Alcalde****: non sei, traballaron 2850 horas, o ano pasado*", isto me parece que tiña que estar na folla anterior.

**A SRA.SECRETARIA** explica que por estar de baixa a funcionaria encargada de transcribir a acta, tivo que realizálo unha persoa en prácticas no Concello e pode existir algún érro.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Un erro o ten calquera; o digo para que se corrixa. A páxina 10 debía estar mal grapada e non me cadraban as contas. Non observei ningunha anomalía máis.

**SR.ALCALDE**.- Cando preguntaba vostede polos demáis traballadores, en canto ás horas, eu dixen que o que marca o Convenio, isto tampouco está escrito na acta. Se deron as cifras da Interventora e da Secretaria, e dos outros "según Convenio"; falta isto tamén.

---

Con estas modificacións fica aprobada por unanimidade a acta do día 7 de outubro.

## 2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA.

Os concelleiros dispoñen das devanditas resolución da Alcaldía.

## 3.- DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

**O SR.ALCALDE** comenta que xa informouse ós portavoces dunha modificación respecto ó que se presentou na Comisión Informativa porque se actualizaron os datos, desgraciadamente, do número de mulleres víctimas da violencia de xénero.

Cede a palabra á **SRA.SIMONS, PP,** quen da lectura á seguinte:

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

**O 25 de Novembro conmemorase o Día Internacional para Eliminar a Violencia contra as Mulleres.**

**A violencia que nas súas diferentes formas se exerce contra as mulleres é un atentado contra a dignidade e integridade física e moral destas, e en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humáns.**

**A Violencia de Xénero non é un "conflito privado" polo que debe considerarse un problema social, fronte o que é necesario actuar pública e colectivamente, e a súa erradicación conleva a implicación e colaboración activa de todas as Institucións e Organizacións Sociais, así como da sociedade no seu conxunto.**

**A nova lexislación existente en materia de violencia de xénero, dótanos de mellores instrumentos para loitar pola súa erradicación, situando o problema no contexto axeitado; pero a pesar dos avances acadados nos últimos anos, os *datos veñen a confirmar unha vez máis que a violencia contra as mulleres ten as súas raíces inequivocamente asentadas nunha sociedade desigual e discriminatoria e que queda un longo camiño por percorre .***

**Segundo datos do Centro Reina Sofía a 9 de novembro deste ano morreron en España a máns dos seus maridos ou ex parellas 63 mulleres.**

**Baiona non é axena a esta realidade, a 9 de novembro deste ano hai vixentes 10 órdenes de alonxamento. No Centro de Información á muller municipal nesta data realizáronse 101 consultas sobre malos tratos .**

**No noso municipio levamos anos traballando en prol da igualdade e con gran entusiasmo por parte de todas e todos, fomos construíndo pouco a pouco instrumentos que fan de Baiona un Municipio posicionado en contra da Violencia de Xénero, proba desto son os servizos, recursos a actuacións postos en marcha ó longo deste tempo**

**Contamos cun centro de información ás mulleres dotado de profesionais para o asesoramento e atención integral das mulleres vítimas de violencia**

**Dispoñemos dun servizo de teleasistencia móbil a fin de garantir a seguridade das mulleres que denuncian a violencia de xénero**

**Constituímos a mesa local de violencia de xénero , co obxectivo de analizar a situación da violencia de xénero no municipio e Impulsar e establecer canles de comunicación e coordinación entre os e as profesionais que interveñen no ámbito municipal para previr, detectar, asistir e protexer ás vítimas de violencia de xénero**

**Este ano organizáronse as I Xornadas Locais sobre Violencia de Xénero, na que participaron profesionais do ámbito municipal que traballan e interveñen coas vítimas**

**Implantáronse nos centros educativos municipais programas de prevención en materia de violencia de xénero,**

**Pero os datos amosan que todo isto aínda é insuficiente somos conscientes que todos os medios son poucos dada a magnitude do problema , debemos continuar dando unha resposta contundente a aqueles que maltratan acosan e asasinan, agresores que deben ter o rexeitamento e a penalización por parte de quenes loitamos contra a violencia de xénero**

**POR TODO ISTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES PROPOÑEMOS :**

- ***Suscribir a presente declaración***
- ***Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres***
- ***Expresar a nosa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e as súas familias***
- ***Comprometernos co resto das Institucións e axentes sociais a seguir traballando pola erradicación da violencia de xénero, procurando a unidade de todos os partidos políticos para combater este fenómeno descartando calquera uso partidista .***
- ***Impulsar no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor de igualdade e contra a violencia de xénero***
- ***Defender unha sociedade xusta e igualitaria na que mulleres e homes poidamos participar equilibradamente en todos os ámbitos sociais, politicos e culturais da nosa sociedade.***

***En definitiva, COMPROMETERNOS a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións, institucións e administracións de forma coordinada para erradicar a Violencia de xénero.***

---

**SR.RODAL, PP**.- Este comunicado, que hacemos todos los años, es muy significativo; es una lacra que tenemos; y entre todos tenemos que apoyar, en este caso, a las mujeres, a nuestros familiares, a nuestras madres, a nuestros hijos ó hijas; creo que aquí estaremos, como siempre, todos en consenso; y esperemos que el año que viene el número de mujeres maltratadas sea 0, sería lo ideal; lo que todos deseamos; que sea el menor número de mujeres posible.

**SR.LORES, PSOE**.- O grupo socialista quer tamén manifestar a sua preocupación por esta barbarie, por esta irracionalidade; manifestarnos sempre contra a violencia, contra a irracionalidade de cun fogar sexa unha morada de tortura e de sufrimento e que pase a ser unha morada de paz e de convivencia; contra esa irracionalidade sempre hai que pór por diante a racionalidade, que é, primeiro, o compromiso como grupos e como persoas contra esta lacra social. Repito: primeiro, o compromiso persoal, é algo que temos que asumir todos en canto ó respeto, á igualdade das persoas independentemente do seu sexo, idade ou condición. E despois: racionalidade e compromiso como grupos, neste caso como Pleno, para que todos estes elementos que fan que un fogar que é unha morada de tortura, de sufrimento, de desigualdade e discriminación, se transforme nunha auténtica unidade de convivencia e de paz. Nós estamos totalmente a favor sen ningunha variación a esta declaración.

**SR.VALVERDE, BNG**.- Como non pode ser doutro xeito o BNG tamén suscribe integramente esta declaración institucional. Quixera aproveitar o momento (é unha pena que non esté a Sra.Silva), coido que é digno de reseñar e de decílo aquí, do éxito da primeira xornada local sobre a violencia de xénero organizada por este Concello; coido que é algo moi positivo que se fixo dende a Concellería e que animamos a que se siga facendo e desenrolando en próximos anos, sobre todo vindo que neste Concello existe persoal preparado para resolver este tipo de problemas e que por sorte non tiveramos que actuar ante unha desgraza deste tipo no seu desenlace final, aínda que sí existen eses 9 casos de aillamento, e outros tantos que non se saberán en canto á denuncias; simplemente concienciar a tódolos veciños e veciñas deste Concello que ante a máis mínima dúbida den o paso da denuncia, que é o primeiro que ten que facer toda muller ou home que se sinta amenazado ou increpado nalgún momento; intentar entre todos que isto se erradique por completo e que non tiñamos que falar máis deste tema.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Nós, dende CMÑ, como non pode ser doutro xeito, apoiamos totalmente esta declaración institucional con motivo do 25 de novembro, Día internacional para eliminar a violencia de xénero; e por suposto que instamos tamén, en tódolo que esté nas nosas mans, para que o Concello de Baiona non baixe a garda e siga nesa liña, liña que creemos que é exemplar, fructífera, e que por suposto dende a Concellalía, dende o Pleno, e dende o goberno municipal, se está levando a cabo.
Afortunadamente en Baiona levamos un tempo no que non existe unha gran violencia de xénero, quizá pola mentalidade que temos aquí do gran matriarcado que existe; esa é a liña a seguir: nunca baixar a guardia e defender sempre a integridade e os dereitos da muller.

**SR.ALCALDE**.- Quixera agradecerlles suas palabras en nome da Sra.Angeles Silva, que non pode estar hoxe aquí porque tiña un compromiso previo que non pudo cambiar, ante o cambio do Pleno xa non houbo posibilidade de que poidera asistir, agradecer esas palabras. E certo que esa xornada congregou a moita xente especializada no ámbito da violencia da muller, xuíces, policías, asistentes sociais, técnicas dos CIM, se movilizou moita xente. Creo que neste tema é unha parte importante a sensibilización; e as veces as cifras non son tódolo positivas que quixeramos pero tamén é certo que agora hai moita máis sensibilidade, se denuncia máis, está maís en superficie; polo tanto creo que ese tamén e ún paso importante para poder despois erradicar as causas que están debaixo de todo iso. Penso que dende o primer momento, nos últimos anos, tódolos grupos políticos, tódolos veciños, están por esta labor importante; agradecer a todos a colaboración nun tema que creo é fundamental. Moitas grazas.

---

**Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.**

_________________________________________

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**APROBA-LA DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.**

**4.- MODIFICACION DE CREDITO 4/2010.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da conta da seguinte:

**PROPUESTA DE LA ALCALDIA**

La Alcaldía ante la necesidad de proceder a la amortización del endeudamiento a largo plazo del Concello, de conformidad con lo acordado en el Plan Económico Financiero aprobado en sesión plenaria de 7 de octubre de 2010, así como ante la necesidad de incrementar la partida de actividades culturales.

Resultando que como consecuencia de la aplicación del Real Decreto Ley 8/2010 de 20 de mayo por el que se adoptan medidas extraordinarias para la reducción del déficit público han resultando sobrantes unas partidas en el capítulo I de gastos de personal.
Resultando que el artículo 14 del mencionado Real Decreto Ley prevé la utilización de los recursos afectados derivados de la aplicación de las medidas de reducción de costes de personal para la disminución del nivel de endeudamiento a largo plazo de las administraciones públicas, es motivo por el cual elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 04/2010 de modificación del Presupuesto de 2010, mediante suplemento de crédito por importe de 78.534,75 €

El presente expediente se financia con cargo a baja por anulación de partidas del estado de gastos no comprometidas, como son partidas del Capítulo I para la reducción del endeudamiento del Concello y del Capítulo II para incrementar la partida de actividades culturales

Visto el informe de Intervención se eleva al Pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa la siguiente **PROPUESTA DE ACUERDO:**

**1º.-Aprobar el expediente de modificación del Presupuesto nº 04/2010 mediante suplemento de crédito por importe de 78.534,75 € afectando a las partidas que se detallan en el Anexo.**

**2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública de las modificaciones del presupuesto que requieren aprobación plenaria.**

_______________________________________________

**SR.RODAL, PP.-** Como bien se comentó, la presente modificación se destina a dos finalidades claramente diferenciadas; en primer lugar pretende dar aplicación a la utilización de los recursos afectados derivados de las medidas de reducción del coste de personal, que es el siguiente: en el caso de personal funcionario de carrera e interinos, la reducción conseguida es de 29.023,28 euros; y la reducción conseguida en el caso del personal laboral fijo es de 24.596,02 euros, lo

que hace un total de 53.619 euros; además de la parte, digamos proporcional, de la reducción a nivel político.
Todo esto supone una cuantía de 68.534 euros; y en segundo lugar se destina a aumentar la partida de actividades culturales con el fin de que quedan pocas facturas sin aprobar al final de este ejercicio utilizando los créditos de las partidas de la Concejalía que yo presido, Concejalía de Turismo, con un importe de 10.000 euros.

**SR.ESTEVEZ, PSOE**.- En primer lugar agradecer a todos los grupos políticos su predisposición para que el Pleno fuera hoy por la tarde y no mañana.
Voy a empezar igual que el Sr.Rodal; esta modificación presupuestaria, como dice el informe de Intervención, tiene dos finalidades claramente diferenciadas, de tal forma que en su informe le dá hasta 35 líneas a la primera y solo 3 a la segunda; es muy diferenciado.
El primero, el destino de 68.534 euros, pues nos tenemos que remitir al Decreto Ley 8/2010, que nosotros compartimos y aceptamos. En el segundo apartado lo que se hace es cambiar una partida de 10.000 euros de una Concejalía a otra; lo que no entiendo es porque cuando en el debate presupuestario nosotros planteamos aquellas modificaciones no nos las aceptaron; nos agradecieron muchísimo la aportación pero no las aceptaron; y en el Pleno anterior nosotros habíamos planteado en aquella propuesta una mayor consignación presupuestaria, por ejemplo, para la humanización de Carabela Pinta, y en el Pleno anterior ustedes lo han hecho; también planteamos en aquella ocasión que se redujeran las partidas de Turismo en cuanto a publicidad y propaganda y asistencia a Ferias y Turismo, y hoy así lo hacen; dan de baja 10.000 euros en Turismo y los dan de alta en Cultura. El Sr.Rodal en aquel debate me decía que yo era un poquito demagógico al pedir esa situación y al final se ha cumplido.
Sr.Rodal, ó usted es una hormiguita con sus deberes económicos, y va acumulando, y llega un momento en que con poquitas cosas hace cosas muy grandes (y le felicitaría si fuera así), ó se tiene que resignar y tiene que ceder esa dotación presupuestaria a la Concejalía de Cultura, donde parece ser que el objetivo de esta modificación pues es quizá comprometer gasto no consignado presupuestariamente,y con el fin de que a final de año no exista un desbarajuste en esa Concejalía y no haya que hacer reconocimientos extrajudiciales de facturas.

**SR.RODAL, PP.**- Entiendo que está totalmente de acuerdo el Sr. Estevez en cuanto al primer punto,. Respecto al segundo punto decir, en cuanto al presupuesto, que no es lo mismo en mayo que ahora; obviamente es un recurso de Turismo pero en este caso es porque no vamos a la Feria de Valladolid; de aquella no lo sabíamos y ahora sí; iremos con el Patronato de Turismo Rias Baixas; éste es uno de los motivos por lo que podemos hacer ese traspaso a la Concejalía de Cultura, no es que haya un sobrante (que en estos momentos no lo hay) pero sí podemos. Pero repito que es por ese motivo: en el primer momento, cuando había presupuesto, contabamos con ir a la Feria de Valladolid; y al final no hemos ido. Iremos con el Patronato Rias Baixas, por lo que obviamente el coste es muy inferior.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Nuestro grupo se va a abstener en esta modificación presupuestaria, igual que en las anteriores.

---

**Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resultan: votos a favor, 8 (7,PP, 1,CMÑ); abstencións, 8 (6,PSOE; 2,BNG).**

---

**Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**1º.-Aprobar el expediente de modificación del Presupuesto nº 04/2010 mediante suplemento de crédito por importe de 78.534,75 € afectando a las partidas que se detallan en el Anexo.**

**2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública de las modificaciones del presupuesto que requieren aprobación plenaria.**

**5.- ADXUDICACION PROVISIONAL DO SERVIZO DE AXUDA O FOGAR.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á **Sra.Interventora,** quen da conta da seguinte **PROPOSTA DA ALCALDÍA**:

**Asunto.- Adxudicación provisional do contrato de xestión de axuda ó fogar.**

Resultando que en data 5/08/2010 o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo *"Primeiro.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión administrativa de xestión de servizo público de axuda ó fogar do Concello de Baiona cun prazo de duración de cinco anos prorrogables por outros cinco con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.*

*Segundo.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.*

*Terceiro.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no BOP de Pontevedra e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas."*

Resultando que o anuncio de licitación publicouse no BOP nº159 de data 19/08/2010 e prfil do contratante presentándose durante o o dito prazo as seguintes empresas: PEDROSO Y ROJAS SL, UTE: PRHOGAR, JARDON Y ALONSO SL E IMESAPI, GERIATROS, MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, GALICIA SAUDADE SL (XENTES), ATENDO CALIDADE SL.

Resultando que en data 7/09/2010 a mesa de contratación calificou a documentación xeral contida no sobre A e requiriu á entidade mercantil MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU a subsanación de documentación.

En data 13/09/2010 a mesa de contratación, logo da subsanación da documentación por parte de MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU, procedeu a apertura das proposicións económicas e proposta técnica.

En data 2/11/2010 a mesa de contratación a vista dos informes técnicos e de valoración formulou proposta de adxudicación a favor MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU.

En virtude do exposto propoño ós membros do Pleno previo ditame da Comisión Informativa a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Adxudicar provisionalmente a MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU o contrato de xestión do servizo de axuda no fogar polo importe que a continuación se sinala e melloras recollidas na oferta por un prazo de cinco anos prorrogables anualmente por outros cinco:

Prezo da hora do servizo da prestación básica: 11,90 euros

Prezo da hora do servizo de prestación ás persoas en situación de dependencia

1.- Servizo en días laborais: 11,90 euros
2.- Servizo en domingos ou festivos: 13,00 euros

**Segundo.-** Requerir a MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU para que no prazo de quince días presente a seguinte documentación

- Alta no I.A.E. o último recibo de pago, que conterá epígrafe e grupo de clasificación relativos a dito Imposto.
- Certifiacción acreditativa de estar ó corrinte das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma e polos Órganos previstos nos art. 13 e 14 do RGLCAP., nas que figure expresamente a calificación de "positiva", cunha validez de seis meses.
- -Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil por importe de 150.000 euros, cuxos beneficiarios serán o Concello de Baiona, os traballadores da mesma, e os usuarios do servizo, para responder dos danos que a prestación do servizo puidera ocasionar, así como para cubrir a súa responsabilidade civil fronte a terceiros.
- Garantía definitiva por importe 5.000 € de conformidade co establecido nos artigos 83 e seguintes da LCSP.

**Terceiro.-** Notificar ós interesados, publicar no perfil do contratante e no BOP de Ponetvedra.

---

**SR.RODAL, PP.-** Desde el Partido Popular decir que este contrato de gestión de Ayuda en el Hogar es muy importante para nosotros, que actualmente hay 21 usuarios en Baiona de este servicio. En esta Mesa de Contratación han estado representados todos los partidos políticos y ha habido una gran transparencia; ha resultado esta empresa adjudicataria por 5 años, prorrogables por otros 5; entendemos que se ha dado la mayor condición económica. Serán cinco personas las que prestarán este servicio en un horario de 8 de la mañana a 10 de la noche, y esperamos que sigan trabajando como hasta ahora.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** En primer lugar disculpar mi ausencia en la Mesa de contratación el último día por cuestiones laborales. En cuanto a la elaboración técnica de las ofertas, la que realmente se pretende su adjudicación su valoración es demoledora con respecto a las demás.

**SR.VALVERDE, BNG**.- O BNG vai manifestar o que sempre manifesta nestas situacións, é decir, sí estamos dacordo co procedemento que se levou e coa transparencia, non temos nada que obxetar a iso; o que sí obxetamos é que este servizo se preste a través dunha empresa privada e non a través de servizos propios do Concello; entendemos que a privatización deste tipo de servizos redunda nun maior coste para o Concello cando se podería dar con menos cartos, con menos cantidade de diñeiro, a esas mesmas persoas; e incluso dotálas de máis servizos con esa mesma partida orzamentaria. Simplemente manifestar a postura coherente que o BNG sempre ten neste tipo de situacións intentando que a gran maioría dos servizos que preste o Concello sexan con recursos propios e non con empresas privadas; en canto ó procedemento de contratación non temos nada que obxetar; tamén agradecer que por parte do Concello se teña en conta á oposición para todo este tipo de contratacións, lóxicamente.

**SR.RODAL, PP**.- Decirle al Sr.Valverde que siempre apostamos porque los servicios salgan del propio Ayuntamiento; de hecho usted estuvo por la mañana en el tema de Calidad del SICTED y hemos dicho que nuestros técnicos de Turismo hagan cursos para no tener que contratar a una Consultora, lo que supondría un coste muchísimo mayor. Repito que pretendemos que la mayoría de los servicios municipales sean de la propia institución, pero hay otros que no podemos gestionar desde el Ayuntamiento.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Como dije antes, nuestro voto es a favor.

**SR.VALVERDE, BNG**.- Concordo co Sr.Rodal en que hai servizos que se prestan dende o Concello; tamén lle comentei que hai situacións nas que ao mellor é interesante poñer taxas por certos servizos que se prestan porque non todos teñen que ser gratuitos, é decir, nun servizo que se dá eu vexo correcto que se cobre a taxa correspondente en base o seu valor; pero iso non quita que este servizo non se poda dar con recursos propios do Concello; sí é certo que teríamos máis que facer e habería que adicarlle máis traballo (sobre todo a Concellería correspondente) para desenrolar isto, pero imposible non é. O BNG sempre defendeu ese tipo de texituras e é ao que nos remitimos.

**SR.ALCALDE.-** Cambio a normativa, antes se facía a contratación de forma diferente, agora é a primeira vez que é como concurso público; se presentaron un número importante de empresas, empresas moi serias, de Asturias e doutros lados, que teñen unha gran implantación. Teño que decir que non é fácil con persoal propio poder atender a esta xente, non tanto para as persoas que realizan o servizo que se subroga, é decir, aquí non hai un problema de persoal, están subrogadas da empresa anterior a ésta, pero non é moi fácil e nos últimos anos no Concello de Baiona sempre se fixo a través dunha empresa, sempre; estando vós no poder e estando nós; ese é o ámbito, fundamentalmente porque organizativamente require unha estructura administrativa que os Concellos pequenos, como o caso noso, ou mediano, non teñen; pero na época que gobernades vós tamén se facía cunha empresa.
Si se tivera estrutura suficiente sería posible; pero dende logo estas empresas, todas elas, teñen experiencia porque contratan con todo tipo de Concellos de toda España, teñen unha experiencia clara. Por outro lado para o Concello suporía un incremento de persoal administrativo poder levar isto a cabo; entendemos que neste caso a empresa leva unha xestión máis eficaz. Como di Angel Rodal cando podemos o intentamos, dende logo, co noso persoal, que é moi bó e válido, pero que as veces non ten capacidade, horario suficiente, para poder desenrolar este tipo de servizo, por iso se externaliza.

**SR.VALVERDE, BNG**.- Concordo básicamente co que dí o Sr.Alcalde, de todas formas quero recordar que o BNG estivo no goberno simplemente 18 meses e a maiores tampouco era unha Concellalía que lle tocase directamente ó grupo municipal do BNG, e non deu tempo lóxicamente a que pudesemos plasmar nosa política, pero sí somos coherentes co que seguimos decindo. A maiores (vostede o acaba de decir agora) o persoal xa existe, simplemente sería que ese persoal pasase a depender directamente do Concello e pór 1 ou 2 persoas, o as que fixeran falta, coordinando todo o servizo para que poidese ser municipal; é decir, posibilidades existen; o traballo sería maior, lóxicamente, pero posiblemente sairía máis económico e se puidese atender a máis persoas; é unha cuestión de ideoloxía, basicamente tamén entendemos que non é algo imposible de facer.

_________________________________________

**Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.**

_________________________________________

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**<u>Primeiro.-</u> Adxudicar provisionalmente a MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU o contrato de xestión do servizo de axuda no fogar polo importe que a continuación se sinala e melloras recollidas na oferta por un prazo de cinco anos prorrogables anualmente por outros cinco:**

**Prezo da hora do servizo da prestación básica: 11,90 euros**

**Prezo da hora do servizo de prestación ás persoas en situación de dependencia**

**1.- Servizo en días laborais: 11,90 euros**
**2.- Servizo en domingos ou festivos: 13,00 euros**

**<u>Segundo</u>.- Requerir a MEULAR SERVICIOS ASISTENCIALES SLU para que no prazo de quince días presente a seguinte documentación**

- **Alta no I.A.E. o último recibo de pago, que conterá epígrafe e grupo de clasificación relativos a dito Imposto.**
- **Certifiacción acreditativa de estar ó corrinte das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma e polos Órganos previstos nos art. 13 e 14 do RGLCAP., nas que figure expresamente a calificación de "positiva", cunha validez de seis meses.**
- **-Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil por importe de 150.000 euros, cuxos beneficiarios serán o Concello de Baiona, os traballadores da mesma, e os usuarios do servizo, para responder dos danos que a prestación do servizo puidera ocasionar, así como para cubrir a súa responsabilidade civil fronte a terceiros.**
- **Garantía definitiva por importe 5.000 € de conformidade co establecido nos artigos 83 e seguintes da LCSP.**

**<u>Terceiro.-</u> Notificar ós interesados, publicar no perfil do contratante e no BOP de Pontevedra.**

**<u>6.- INCAUTACION DA GARANTIA PROVISIONAL CONSTITUIDA POR DNA.PURIFICACION RODRIGUEZ GIRALDEZ NA LICITACION DA CONCESION DO USO PRIVATIVO DEL BIEN DE DOMINIO PUBLICO CONSTITUIDO POR EL QUIOSCO SITUADO EN LA CALLE ELDUAYEN, Nº 20 E 21.</u>**

O Sr. Alcalde cede a palabra á **Sra Interventora**.

**SRA.INTERVENTORA.-** En el Pleno anterior se adjudicó definitivamente la concesión del uso privativo del quiosco situado en la calle Elduayen a Meleni Denegri; previamente se habia adjudicado provisionalmente a Dña.Purificación Rodríguez, pero en el plazo de requerimiento de aportación de la documentación no presentó la correspondiente. Como consecuencia y de conformidad con lo establecido en la ley de Contratos del Sector Público, al haber incumplido ese requerimiento para presentar documentación, procede la incautación de la garantía provisional depositada para presentarse a la licitación que asciende a 300 euros. Como consecuencia de lo anterior se eleva al Pleno el acuerdo de incautación de la garantía provisional por incumplimiento de lo establecido en el Pliego de Cláusulas que regía la licitación de la adjudicación del quiosco sito en la calle Elduayen.

―――――――――――――――――――――――――――――――――――――――

**Dase conta da seguinte:**

**<u>PROPUESTA DE ALCALDÍA</u>**

**<u>Asunto.- Incautación de la garantía provisional constituida por Dña. Purificación Rodríguez Giráldez.</u>**

Resultando que en fecha 5/08/2010 el pleno de la Corporación adoptó el siguiente acuerdo *"Primero.- Adjudicar provisionalmente a Dna. Purificación Rodríguez concesión del uso privativo del bien de dominio público constituido por el quiosco situado en la calle Elduayen, nº 20 y 21 con la obligación del pago de un canon anual por importe de 3600 euros.*

*Segundo.- Requerir a Dna. Purificación Rodríguez para que en un plazo de 15 días hábiles presente la siguiente documentación.*

*1. Obligaciones tributarias:*
*a) Original o copia compulsada del alta en el Impuesto sobre Actividades Económicas en el epígrafe correspondiente al objeto del contrato, siempre que ejerza actividades sujetas a dicho impuesto, en relación con las que venga realizando a la fecha de presentación de su proposición, referida al ejercicio corriente, o el último recibo, completado con una declaración responsable de no haberse dado de baja en la matrícula del citado impuesto.*
*b) Certificación positiva expedida por la Agencia Estatal de la Administración Tributaria, en la que se contenga genéricamente el cumplimiento de los requisitos establecidos en el artículo 13 del RGLCSP.*
*Además, el licitador como adjudicatario provisional no deberá tener deudas en período ejecutivo de pago con el Concello de Baiona, salvo que las mismas estuviesen debidamente garantizadas. El certificado que acredite la inexistencia de deudas se aportará de oficio por la Administración Local.*

*2. Obligaciones con la Seguridad Social:*
*Certificación positiva expedida por la Tesorería de la Seguridad Social, en la que se contenga genéricamente el cumplimiento de los requisitos establecidos en el artículo 14 del RGLCSP.*

*3. Copia de la póliza del seguro suscrito para cubrir posibles daños al quiosco con un capital asegurado por importe de 60.000 €*

*4. Constitución de la garantía definitiva exigida por el importe previsto por alguno de los medios previsto en el art. 84 de la LCSP. El adjudicatario provisional estará obligado a constituir, a disposición del órgano de contratación, una garantía definitiva. Su cuantía será de 600 €, según lo previsto en el apartado F, del cuadro de características del presente pliego. “*

En fecha 26/08/2010 núm. RE 7120 Dña. Purificación Rodríguez Giráldez presenta la siguiente documentación:

- Fotocopia del DNI
- Fotocopia de documento de constitución de la Comunidad de bienes “Portobelo Kioscos, CB” de la que son socios D. Juan Carlos Fernández Díaz y Doña. Purificación Rodríguez Giráldez.
- Certificación positivo de la Tesorería General de la Seguridad Social a nombre de PORTOBELO KIOSCOS C.B.
- Certificación positiva expedida por la Agencia Estatal de la Administración Tributaria a nombre de PORTOBELO KIOSCOS, C.B.
- Declaración censal del alta de IAE a nombre de PORTOBELO KIOSCOS C.B.
- CIF de la sociedad PORTOBELO KIOSCOS C.B.
- Proyecto de Seguro de responsabilidad civil
- No adjunta documento acreditativo de constitución de la garantía definitiva por importe de 600 euros.

En fecha 2/09/2010 el pleno de la Corporación adoptó el siguiente acuerdo “Primero.- No procede la adjudicación definitiva del contrato de concesión del uso privativo del bien de dominio público constituido por el quiosco situado en la calle Elduayen, nº 20 y 21 a Dña. Purificación Rodríguez Giráldez por incumplimiento de las obligaciones requeridas por acuerdo plenario de fecha 5/08/2010 de conformidad con el artículo 135.4 de la LCSP.

Segundo.- Conceder audiencia por un plazo de días naturales a Dña. Purificación Rodríguez Giráldez previa a la incautación de la garantía provisional por importe de 300 euros.

(...)
En el mismo acto el pleno adjudica provisionalmente a MELENI DENEGRI del contrato concesión del uso privativo del bien de dominio público constituido por el quiosco situado en la calle Elduayen, nº 20 y 21 con un canon anual de 3600 euros y se le requiere la presentación de la documentación correspondiente en el plazo de diez días hábiles.

Por resolución de alcaldía de 20/09/2010 y posterior 4/10/2010 se corrige el acuerdo plenario concediendo un plazo de 10 días naturales para la presentación, en su caso, de alegaciones.

Durante el plazo concedido Dña. Purificación Rodríguez Giráldez no ha presentado ninguna alegación.

En virtud de lo expuesto y de conformidad con el acuerdo plenario de fecha 2/09/2010 y artículo 91.1 de la Ley de Contratos del Sector Público propongo al pleno de la Corporación , previo dictamen de la Comisión informativa la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.- Incautar la garantía provisional constituida por Purificación Rodríguez Giráldez para la licitación de la concesión del uso privativo del bien de dominio público constituido por el quiosco situado en la calle Elduayen, nº 20 y 21 por importe de 300 euros
Segundo.- Notificar al interesado.

---

**Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Primero.- Incautar la garantía provisional constituida por Purificación Rodríguez Giráldez para la licitación de la concesión del uso privativo del bien de dominio público constituido por el quiosco situado en la calle Elduayen, nº 20 y 21 por importe de 300 euros**

**Segundo.- Notificar al interesado.**

## 7.- MOCION DO BNG RELATIVA O PLAN ESPECIAL DO PORTO.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.FERNÁNDEZ, BNG**, quen procede á lectura da seguinte **MOCION**:

**Nos últimos anos foron varias as ocasións nas que se pretendeu levar adiante o Plan Especial de Porto de Baiona. E sen dúbida ningunha un documento fundamental para o desenvolvemento da Vila, e sobor de todo, para a ordenación da mesma; ademáis dunha mellora sustancial da actividade tanto laboral como económica; é polo tanto un documento imprescindibel e necesario para pór en valor o Porto e tamén para Baiona e os baioneses/as.**
**Cada intento de sacar adiante este documento por parte de persoas alleas a este Concello sempre tivo como resultado final o desencontro e o rexeitamento por parte dos veciños/as, e tamén ás veces dos propios gobernantes. Ocurre isto porque dende o exterior, tanto a visión que teñen como os obxetivos que pretenden para o Porto de Baiona, son totalmente alleos os intereses que tanto os mariñeiros como nós, os baioneses e as baionesas, pretendemos.**

**Baiona necesita pór orden, e sobor de todo control na actividade de embarcacións deportivas, xa que consideramos que é un elemento máis que contribúe ó desenvolvemento económico do sector turístico aínda que non é o máis importante. O verdadeiramente importante é que Baiona necesita pór en valor a actividade pesqueira e marisqueira para que os nosos mariñeiros e mariscadores/as rentabilicen ao máximo os recursos naturais que temos e que ademáis son de primeira calidade. Esta sí que debe ser a verdadeira aposta que dende o Concello debemos de impulsar, porque proporciona unha economía sostible para un importante colectivo.**
**Para iso o Concello debe aprobar dunha vez por todas o Plan Especial do Porto, evitando, dentro das suas competencias, que se consinta construir máis barreiras arquitectónicas, máis ocupacións innecesarias de lámina de auga, e por encima de todo que se sigan pisoteando os dereitos dos mariñeiros de Baiona.**

**Por todo isto propoñemos o seguinte ACORDO:**

1. **Comunicar á Consellería de Medio Ambiente que de maneira inmediata retire da sua páxina web o documento relacionado co Plan Especial do Porto de Baiona, e a sua análise dos efectos ambientais, por non ser de interese para este Concello.**
2. **Convocar unha Comisión de Seguimento para consensuar as directrices do Plan Especial formada polos grupos políticos e membros do Cabildo.**
3. **Iniciar a tramitación do Plan Especial.**

______________________________________

**SR.RODAL, PP.-** Todos estamos de acuerdo en que Baiona es una Villa marinera por excelencia, ya en la época medieval tuvo transporte de mercadurías; tenemos una flota pesquera actualmente de 101 embarcaciones, ahora no hay casi ninguna de altura como había hace años, y unas 700 embarcaciones de pesca deportiva, ó deportivas. El sector pesquero ocupa en Baiona, de forma directa e indirecta, a unas 624 personas, o sea: un 13% de la población activa.
Con respecto a la Moción que leyó el Sr.Fernández (y creo que ya se lo comentó el Alcalde en la Comisión Informativa) estamos de acuerdo con todo lo que es la Moción, y en cuanto al primer punto que dice: *"Comunicar á Consellería de Medio Ambiente que de maneira inmediata retire da sua páxina web o documento relacionado co Plan Especial do Porto de Baiona, e a sua análise dos efectos ambientais, por non ser de interese para este Concello"*, también estamos de acuerdo; este documento es de enero del 2009 y no tendría que estar colgado, realmente tendría que estarlo rectificado, incluir datos, porque nos habla de la creación de una depuradora cuando la nuestra ya está finalizada y funcionando desde hace unos meses en la zona de Cabo Silleiro; y nuestro programa de actuaciones Baiona 2010-2011, que son 7 puntos (y despues podemos hablar de alguno de ellos), algunos ya están empezándose y en otros ya se está trabajando, y tampoco vienen aquí reflejados; por lo tanto entendemos que esta pagina web que se colgó en la Consellería no está actualizada.
En cuanto al segundo punto: "*Convocar unha Comisión de Seguimento para consensuar as directrices do Plan Especial formada polos grupos políticos e membros do Cabildo",* entiendo que se refiere a los grupos políticos, que ya estamos, y en cuanto al Cabildo se refiere a la Cofradía y asociaciones que tengan relación con el tema marinero, sea deportivo ó sea de pesca.
En el documento de inicio, de enero del 2009, que está publicado, en su página núm.11 nos da la descripción de lo que es un Plan Especial, y dice: "Entre os obxectivos de carácter xeral do Plan Especial do Porto de Baiona atópanse a consecución dun espacio máis acorde co seu actual e futuro papel e, unha mutua coordinación Concello-Porto no planteamento da totalidade de accións presentes e futuras co obxetivo de eliminar as interaccións negativas e potenciar.....".
También podríamos comentar escritos que hubo después de aquella manifestación; escritos del Alcalde y respuestas desde Portos de Galicia a las peticiones que se habían hecho desde el Concello.

Y en el tercer punto, que dice: "*Iniciar a tramitación do Plan Especial",* decir que ya está iniciado; lo que habría que pedir sería proseguir la elaboración y continuar ejecutando el Programa de actuaciones (como he comentado hace un momento) del 2010.

**SR.LORES, PSOE.-** Creo que o tema do Porto e da bahía merece realmente un debate sereno; habería que pór as cousas no seu sitio dunha vez por todas. O primeiro que teño que decir é que o PP como partido e cos seus representantes en Baiona, sempre actuou no porto de Baiona cun aire de confrontación; de feito cando estaba o Goberno bipartito utilizouse calquer elemento, aínda que foxe insignificante, para convocar manifestacións, para provocar certa alarma social cun tema que é moi sensible para a poboación de Baiona, e nunca nos paramos a pensar exactamente cales deben ser as directrices polas que debe desenrolarse todo este tipo de infraestructuras que creo que dunha vez por todas habería que afrontar con absoluta racionalidade.
Agora, cando o PP retoma o Goberno, a Consellería presentános unha serie de propostas pero tamén sen consensuar, ou sexa, presenta unhas actuacións que dá por feito e sen ter en conta de que o Concello, o Pleno, ten algunha competencia sobre ese espazo, sobre todo cando os usos que se lle queren dar a certas infraestructuras van máis alá dos estrictamente portuarios; polo tanto creo que é o momento de que se pare dunha vez por todas esta liorta en canto ó Porto.
Dende o PSOE sempre fomos consecuentes e coherentes neste ámbito e sempre dixemos que isto tiña que ordenarse e reestructurarse e procurar que non houbese abuso na ocupación do espazo marítimo, e de feito, cando o Goberno bipartito, cando as competencias de Portos estaban no grupo socialista, sacouse a concurso unha ordenación dunha lámina de auga enfrente ó Clube de Iates, ordenación duns amarres que xa estaban alí, e que o único que pedíamos nós e que pedía a entidade portuaria naquel momento era organizar e dalgunha forma pór sobre o papel e legalizar toda esta situación; isto provocou unha serie de enfrentamentos e incluso algunha manifestación, cando realmente eses amarres xa se estaban usando facía tempo; xa había unha entidade privada, que era o Clube de Iates, que estaba cobrando por eses amarres e o único que se estaba facendo era regularizar esa situación, reducir o número de amarres e ordeálos correctamente na bahía, deixando un espazo amplo entre a praia da Barbeira e os fondeos, entre a doca e os fondeos.
Tan pronto entrou o PP na Consellería o primeiro que fixo foi anular ese concurso; curiosamente anulouse o concurso pero non se levantaron os amarres; os amarres seguen ahí; o Clube de Iates segue traballando neses amarres pero non vai a pagar nada por éles. Antes fan unha manifestación por ordear e agora fan isto, non ten moito sentido; de tódolos xeitos iso é algo que nós seguimos reivindicando, que se regule todo este tema.
Ven o Presidente de Portos, con tódala boa intención, e presenta todos eses proxectos, non consensuando ningún pero presentándoos todos, iso é certo; e preséntanos unha Estación Marítima, e nós entendemos que Baiona debe ser un porto de referencia no transporte marítimo e no transporte ata as Illas Cies, as Illas Atlánticas, entendemos que sí, porque é un atractivo turístico, polo tanto contra iso non temos nada; o que pasa é que con todo éste digamos, escudo, presentanos despois unha Estación Marítima que ten máis usos, e dános a impresión, agora que o PP está no Goberno na Xunta e no goberno no Concello, que trata de evitar aquela confrontación social que cando está na oposición favorece; agora tratan de chegar a un acordo incluso por unha política de feitos consumados. Si evidentemente neste porto pesqueiro se vai coa disculpa, e coa necesidade, de facer unha Estación marítima, e metemos unha cafetería, unha tienda, e un edificio grande, despois ¿cómo vamos a negarnos a que en RONAUTICA (que será o seguinte paso) non se fagan ese tipo de instalacións?. Dános a impresión de que agora se nos está facendo unha política de feitos consumados; que estános levando polo silencio e pola parte de atrás a un proxecto que o PP ten claro, que sempre, e neste caso tamén, é favorecer ás entidades privadas por riba dos intereses públicos.
Este é un debate que nós plantexamos con absoluta claridade pero creemos que non se poden facer as cousas como se están facendo. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Xa non sei cantas mocións sobre o porto levamos aquí en Baiona; creo que xa levamos debatidas 8 no Pleno, polo menos. Se nota que o BNG empezou a campaña electoral e empeza a meternos mocións con relación ó porto de Baiona; e máxime coñecendo como coñecemos ó portavoz do BNG, xa sabemos cal é a sua especialidade, e aquí se atopa como auga de maio inventándonos estas historias.
O porto de Baiona nestes momentos está pendente do Plan Especial e no seu día aprobamos o Plan de usos, e ten dous problemas que son: os fondeos arbitrarios que hai na bahía, e RONAUTICA; éstes son os dous grandes problemas que ten o porto de Baiona; e algúns deles, aínda que non teñamos o Plan Especial, se foron solventando, e teño que decílo, satisfactoriamente para os intereses dos veciños de Baiona; e me refiro ó tema da doca, por exemplo, que no seu día se pretendeu dalgún xeito darlle un uso restrinxido ó paso dos veciños, e iso quedou subsanado; está en marcha un interesantísimo proxecto (tal e como habíamos falado) para convertíla en zona lúdica; un logro que está ahí e que xa non debe ser un tema de conflicto.
O espazo comprendido entre a praia da Barbeira e a doca, que en principio estaba como reserva portuaria, actualmente está como reserva medioambiental, cousa que tamén é altamente positiva e que se conseguíu a través do diálogo con Portos de Galicia.
Os famosos amarres que había na zona entre a doca e o Clube de Iates; por certo, cando fan esta mención o PSOE e BNG, e que estaba enganchada na páxina web, pero é que era de xaneiro do ano 2009; ou sexa que dalgún xeito eran o PSOE e BNG quen habían enganchado esa páxina web, e a Xunta actualmente, por fallos burocráticos, aínda non desenganchou.
Teño a completa seguridade e a tranquilidade de que ahí non se vai a facer nada e que vai quedar como unha zona de fondeo libre adscrita a unha zona medioambiental, e teño a experiencia porque incluso este ano cando balizamos nós esa zona con motivo da protección de praias polo tema da Bandeira Azul pois pudemos adentrarnos nunha zona que antes estaba ocupada e que actualmente non o está.
Logo nos atopamos co tema do pantalán da Carabela Pinta, que está perfectamente definido, unha nova reubicación desa obra, que está ademáis en marcha de ser adxudicada, e polo tanto iso é positivo; de feito os propios pescadores reordenaron seus atraques na zona entre o pantalán da Carabela Pinta e o muelle, para iso houbo unha especie de consenso xeral e tampouco hai maior problema nese aspecto.
En canto ao muelle de pescadores, coa nova ampliación se vai a ubicar alí un proxecto ambicioso que defendemos e creemos que é de interés xeral para Baiona, que é a nova Estación Marítima de Baiona; que se axusta á realidade do porto de Baiona como porto de viaxeiros, como porto de servizo discrecional ás Illas Cies; creemos que é un potencial extraordinario que hai que promover e por suposto hai que agradecer que Portos fixera a obra nesta época de crisis e lla adxudicara.
En cambio sí nos atopamos con ese gran problema que é RONAUTICA; todos sabemos que isto é unha loita entre os máximos posibles que quere a empresa e o que entendemos que son mínimos imprescindibles que lle estamos esixindo; e a mín, cando se fala de mínimos imprescindibles, a mín non me molesta que haxa ahí unha cafetería, nin que haxa un restaurante adscrito ó servizo náutico, porque iso é normal, no porto temos que dar calidade; outra historia é que se pretenda obter un aproveitamento abusivo dunha parcela, que é de recheo (que por outra parte é algo normal facer un mínimo recheo), un aumento excesivo de volume para especular; creo que con iso non estamos dacordo ninguén; iso quen ten que resolvélo é o Plan Especial a través do Plan Xeral de Ordenación municipal.
En canto ás láminas de auga, creemos que xa están ocupadas como están, que é moi difícil que se poidan ocupar máis; en cambio, iso sí, o outro gran problema que ten Baiona son os fondeos arbitrarios, ahí é onde hai que meterlle mán a este porto, e parece que ninguén lle quer meter mán a eses fondeos arbitrarios; calquera trae un barco e llo fondea e ahí queda, e pouco a pouco vamos saturando a nosa bahía de embarcacións alleas ós intereses portuarios, alleas ós veciños de Baiona, sen estar reguladas; creo que a Capitanía Marítima é quen ten, dalgunha maneira, que regulála. Digo isto porque o teño perfectamente claro, non llo digo porque me guste ou non me guste; o digo porque ésta é a realidade do porto de Baiona; Baiona ten dous

grandes problemas: RONAUTICA, que hai que regular a través do PXOU, en colaboración por suposto con Portos de Galicia, que por certo temos un gran Presidente actualmente, nós hemos sufrido outros Presidentes de Portos que xa sabemos como se as gastaban; o actual Presidente está na materia, se volca con Baiona e de feito adxudica todas estas obras, e me inspira a máxima confianza, polas realidades.
Esta moción sobraba, non era unha moción necesaria; levamos falado moito tempo do tema do porto, cos equipos redactores, moito tempo; e a realidade do porto é a que dixen.
O BNG sabe que todo isto está en marcha, que dalgún xeito hai unha especie de consenso entre Goberno, oposición, e o propio Portos de Galicia, que estiveron en innumerables reunións co Presidente de Portos, e que agora presente esta Moción..., de verdade, eu creo que non podemos adicarnos a presentar este tipo de mocións pois entón teríamos que presentar unha para calquer cousa; pero claro, eu xa sei onde estamos: estamos en campaña electoral ¿non?, entón o BNG pretende enmerdar todo e lanzar mocións tremendistas; creo sinceramente que non habería nin que presentarlle mocións alternativas, de verdade; a mín me indignan estas actitudes do BNG cando hai unha realidade que vai por bó camiño, excepto ese tema de RONAUTICA.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nós, si de algo podemos presumir dende sempre, é da coherencia; non vamos a defender situacións nin propostas indefendibles; espero que despois da miña intervención, Sr.Vilar, vostede cambie de opinión, porque dende logo nós presentamos unha moción cando creemos que debemos presentála. E co que vou a decir espero que se desmonten as suas teorías de que isto está de máis, e que é un Plan de 2009; espero que recapaciten, porque recapacitar é de sabios, e ao mellor vostedes non teñen a documentación que teño eu, non era fácil de obter, estaba intencionadamente ben oculta, todo hai que decílo: estaba intencionadamente moi ben oculta na páxina web da Consellería de Medio Ambiente; creo que o Alcalde pode darnos a razón porque lle foi moi difícil chegar a ela, pero nós podemoslle pasar o enlace, non se preocupe; nós pasámoslle o enlace e o comproba persoalmente; saquei unha copia íntegra e antes enseñeille a primeira folla que dí: *"Plans ou Programas de avaliación ambiental estratéxica.-Nome: Plan Especial do porto de Baiona. Concello de Baiona.- Tipoloxías: outros planeamentos urbanísticos; código: 1129/2010, Organo promotor: Portos de Galicia; data de inicio do período da consulta: 13.10.2010; data de remate do período da consulta: 12.11.2010",* (pasado mañana), *"Plan ou programa: en curso; documento de inicio: 27.9.2010"*; máis abaixo hai unha data significativa: 4 de febreiro do 2004, cando o Sr.Feijoo era Conselleiro da COPTOPV; isto é un documento contratado por esta Administración fai 1 ano, fai menos 1 ano; polo tanto estamos falando dun documento recente.
E claro, evidentemente, nós formamos parte da Comisión de Seguemento e non entendemos o que está pasando, como tampouco o entendeu o equipo de goberno de Baiona, porque non daba crédito o que estaba lendo cando o viron; eu leíme detenidamente este documento, "análisis ambiental", e a análise ambiental a fai a empresa PROIMASA, un documento de 30 follas que é un documento á medida do que se pide; é decir, este análise, eu, sen ter ningún tipo de estudios, o fago vinte veces mellor; e por iso se cobrou moito diñeiro, seguramente, porque estes documentos se pagan moi caros; ao mellor 20.000 ou 30.000 euros, non o sei, pero non me extrañaría que anduvera por esa cifra.
En todo caso, ese documento, mire vostede que malo é, que documento tan malo é, é malísimo, que aparte de ser malo está falando de algo que xa habíamos superado, é decir, aquí se habían superado moitas cuestións, e de feito fai 3 anos se fixo unha manifestación co equipo de goberno do PP, fai 3 anos, en cabeza, en contra de Portos de Galiza por privatizar unha lámina de auga.
Nós tamén estivemos nesa manifestación; eu concretamente non, pero os meus compañeiros, representando ó BNG, sí; eu estaba en Portugal, pero o meu espíritu estaba aquí, Sr.Almuiña.
En todo caso este documento é un puro formulismo, está totalmente banalizado; neste documento se recoñece, aquí pón, que o 12,8 % da actividade emprega, de mariñeiros e mariscadoras, a 624 persoas, é o que pón aquí; 101 embarcacións con esloras de 4 a 11 metros; ben, é decir: hai unha parte da poboación deste Concello que vive da pesca e do

marisqueo; polo tanto é unha actividade para o Concello tremendamente importante, das máis importantes; se ós mariñeiros engadimos os que están fora tamén resulta que podemos decir claramente (como todos sabemos) que Baiona é un pobo mariñeiro. Ben, pois resulta que neste análise que fan analizan a situación e dicen que efectivamente a instalación de portos deportivos e das actuacións que se pretenden van a afectar medioambientalmente pero que é tan superficial a sua afección que compensan os beneficios polos perxuizos; ven decindo iso prácticamente; cando nunha avaliación deste tipo deberan de fixarse máis en cál será a repercusión destes grandes portos deportivos e destas láminas de auga que pretenden privatizar; cómo van a repercutir no que hai no fondo marino. Porque eu quero recordarlles a vostedes que cando se fixo o informe medioambiental (non éste, senón o anterior) decía que en RONAUTICA a única especie que se ía afectar eran poliquetos, é decir: miñocas; cando se lle dice ós mariñeiros de Baiona, cabréanse; porque dicen "é que nos arruinaron unha zona importante de marisqueo"; pero todos sabemos tamén que cada vez que se fai algo na bahía se modifican as corrientes e se afecta a tódala bahía; polo tanto eu me pregunto ¿cómo estes señores que fan un informe de impacto medioambiental pasan por alto a afección na lámina de auga, a afección que provoca nas praias?.
E é certo que as embarcacións deportivas atraen turismo a Baiona, efectivamente, iso é innegable; pero é que as praias atraen máis; e estamos vendo que nos amarres que temos agora mesmo en Baiona, "organizados", resulta que temos avogados, enxeñeiros, médicos, de Vigo, de Nigrán, de Gondomar, e resulta que un veciño de Baiona que ten unha gamela non é capáz de amarrála, esa é a realidade; e coa organización provisional nola meteron doblada cando fumos a primeira vez a Portos de Galiza, vostede se acordará Sr.Vilar ( o Sr.Almuiña aínda non estaba nin de Alcalde, nin de político) de que o Sr.Emilio Gallego, do PP, decía que había que organizar a bahía de Baiona porque era un completo desastre; desastre é agora, porque non a organizaron e abríronlle as portas a que entraran todas esas embarcacións deportivas polo simple motivo de pagar menos aquí que noutro lado, porque se van a un porto deportivo pagarían moito máis; polo tanto, ahí patina; pero tamén patina cando non dicen nada de nada na avaliación ambiental de cómo vai afectar isto ó marisqueo e ós peixes (é que parece que en Baiona non hai peixes), aquí non falan nada de iso; a única fotografía dun animal que aparece neste informe é dunha gaivota; esa é a única fotografía que aparece no informe, curiosamente, non quero establecer ningunha relación; carroñero, non deixa de ser un animal carroñero a gaivota, as cousas son como son.
En todo caso o que sí está claro é que cada vez que Portos quer organizar, desorganiza todo; e aquí nos seguen contando que a lámina de auga que habería privatizado en principio o bipartito (como vostedes manifestaron), ben, vostedes se manifestaron, e hai que decílo, porque pensaban que lle ían a dar a RONAUTICA, como lle deron ó Clube de Iates, silencio total; agora, ven o PP, lle retira a concesión ó Clube de Iates e a volve a sacar outra vez; a volve a sacar outra vez; aquí está: vénres, 19 de febreiro do 2010; lea a nota de prensa, vaia á hemeroteca de Faro de Vigo e leerá como o seu Presidente dice tódolo que van a facer, entre outras cousas volver a sacar a concurso a lámina de auga. Resulta que collemos o plano da sua organización, e aquí o temos, e é ben fácil ver que lle queda ós mariñeiros: cada día máis arrinconados; cada día teñen menos espazo para traballar.
Resulta que falaron de crear unha Estación marítima, e fai falta, evidentemente, pero non a metan onde traballan os mariñeiros, Sr.Vilar; hai sitio para metéla para que non lles estorbe; non lle estorben a actividade ós mariñeiros; hai máis sitios onde facélo; fáganla onde haxa que facéla para non seguir arrinconando ós mariñeiros, porque lle recordo que falábamos dun 13% de persoal ocupado todo o ano en Baiona (e iso en moi poucos sitios se pode falar), todo o ano, é decir: un traballo sostible; é decir, que gañan diñeiro todo o ano (menos cando hai temporais).
Creo que esta documentación que nos presentan é moi agresiva para os intereses dos baioneses e baionesas, e dende logo non se pode consentir a estas alturas que ninguén veña a botar por terra tódolo traballo de negociación que se levou a cabo da lámina de auga, tanto esa como á da séptima lista, que tamén afecta ó marisqueo; creemos que onde se puxeron agora os da séptima lista (que creo que se vai a amplar porque se vai a trasladar a Carabela) ahí se podería

localizar á xente que falte, mariñeiros de Baiona, e terá que haber un control dunha vez por todas por alguén porque isto é un descontrol total; eu vexo xente allea a este Concello que está utilizando unhas instalacións que non eran destinadas para iso; e iso foi por parte de Portos de Galicia. Non podo criticar ó goberno local porque penso que non tivo nin arte nin parte nese tema; é Portos de Galiza; e xa ocurríu con este goberno; ademáis a mín dáme igual que sexa este goberno ou o anterior, dáme igual; eu critico o que teño que criticar; polo tanto: control sobre iso. Pero o que é inadmisible é que veñan a decirnos aquí: "rechear; o doble do que existe en RONAUTICA, e facer instalacións para ocio: restaurantes e cafeterías", pois eu non estou dacordo Sr.Vilar, co que dí vostede de facer; non estou dacordo, e ¿sabe porqué?, porque os empresarios/as que queren montar unha cafetería en Baiona teñen que alugar un local e pagar o aluguer; pois os de RONAUTICA se queren unha cafetería que crucen á acera e que aluguen un local, como todo o mundo.
Outra cuestión era o tema da Comisión de Seguimento; me decía o Alcalde que en vez de Cabildo puxera Cofradía, me parece correcto, iso aceptámolo; en canto a que esté ACEBA, me parece ben porque é representante dos comerciantes (aínda que as veces non os represente), pero nada máis, é decir: eu creo que os representantes dos portos deportivos non deben de estar, así de claro, porque senón teremos que invitar tamén á Cafetería Cerchas, á Boquería, a Monterrey, etc., a moita xente que terán que ir a defender os seus intereses privados; e si temos na Comisión a RONAUTICA e ó Clube de Iates van a defender os seus intereses, que non é o que nos interesa a nós aquí; aquí nos interesa defender o interés común, e o interés común o pode defender a Cofradía, ACEBA, e os representantes municipais, evidentemente, e nadie máis.
Xa para rematar, con respecto á Comisión de Seguimento, ao mellor non era malo convocála para deixar claras estas situacións e para darlle tranquilidade ó sector pesqueiro; no caso da tramitación do Plan Especial nós agora mesmo eramos alleos, non coñecíamos que se estaba tramitando, tanto tempo xa leva sen falar dél que a verdade é que pensabamos que estaba gardado no caixón; me alegra oir que está tramitándose e que nalgún momento tiñamos algunha noticia dél; pero en principio nós descoñecíamos en qué fase estaba e por iso metimos ese punto.
En todo caso, si en realidade está tramitandose, nos gustaría saber en que fase está e en que situación; sería importante; e ao mellor si se convocara a Comisión de Seguimento xa se aclaraban todos eses temas.
E o tema que creo que é imprescindible é dirixirse á Consellería e decirlles "saquen isto de ahí que isto non é así". Sr.Vilar, se vostede ten algunha dúbida dese documento inicial que lle ensenei, eu teño aquí unha fotocopia; e se quer o enlace tamén llo damos, non hai problema ningún; dígolle que é moi difícil chegar a él, e nós chegamos por circunstancias, pero é dificil.

**SR.ALCALDE**.- Sr.Fernández, quero facer varias aclaracións; cando decía antes que decía eu "que o documento era malísimo", e vostede decía "está de broma o Alcalde", non, estou en serio, o que pasa é que a verdade non lle dou trascendencia porque creo nas persoas; como dixo antes Manuel Vilar creo que temos o mellor Presidente de Portos (dende logo, dos que coñecín eu seguro), é unha das persoas que a mín sorpréndeme atopar de vez en cando porque é unha persoa que coñece, que quer coñecer, realista e con ganas de resolver problemas; algo que moitas veces, desgraciadamente, non atopamos. El se comprometeu dende o principio, e a primeira actuación que tivo Portos sendo él Presidente foi unha actuación que o anterior Goberno bipartito non fixo, e non foi para a náutica senón que foi para a pesca; unha petición feita dende a Cofradía con tódala razón do mundo que era o depósito de gasoil do muelle; él fixo as xestións nuns meses para que se instalase alí; é unha persoa que vive a realidade e un home preocupado pola ordenación das bahías, neste caso de Baiona.
Falei o outro día con él, e a mín sorprendeume esta noticia porque evidentemente nós non habíamos dado o visto bó a ningún documento e a última reunión que tivemos todos xuntos recordo que do que discutimos foi da edificabilidade, do 0,25, que nin de coña estabamos dacordo, que o 0,25 é baixo, pero para nós era unha barbaridade e non estabamos dacordo; e resulta que me aclara unha cousa que vostede tamén dixo, pero non o dixo tan claro, que é

certo que foi colgado nesas datas, así figura, pero o documento foi feito, e o informe medioambiental foi feito antes de xaneiro do 2009, é decir: era Presidente de Portos o Sr.Jacinto Parga, que aínda que non era da rama Bloque, era rama PSOE, era do Goberno bipartito; ese documento era exactamente aquél que habíamos discutido e co que non estabamos dacordo, pero empeorado; porque non o dixo vostede pero o digo eu: que ampliaron a zona de fondeo; nós decíamos, como dixo Manolo, que non estabamos dacordo co fondeo libre porque é unha pérdida de calidade unha ocupación de lámina de mar que non da servizos a nadie, estamos en contra de iso e aínda encima sen consultar con nós amplíanlo eliminando o canal oeste do porto para facer máis fondeos libre; ese documento dende logo eu nunca o vín, e foi redactado sendo Presidente o Sr.Jacinto Parga.
Pero non me extraña tampouco (teño que decílo, desgraciadamente) porque non era a primeira vez que o Sr.Jacinto Parga me engañaba; recordo unha vez que me chamou e me dixo: “ven a Santiago a unha reunión porque quero tratar de chegar a un acordo do tema da ordenación e quero ter unha reunión contigo”, e camiño de Santiago me chama un veciño de Baiona e me dí: “acaban de pór na doca un cartel de “prohibido o paso””; chamei a Santiago e dixen: “A mín non me tomas o pelo, non me poñes un cartel, cando estamos falando do tema da bahía, un cartel tan impresentable como ese”; me dixo: “non, non sabía, non sei qué..”. O que quero decir é que non é a primeira vez que o Sr.Parga decía unha cousa e facía outra; dende logo este documento é impresentable; e ¿porqué me fío do actual Presidente de Portos cando dí que non tivo nada que ver neste documento, que foi un erro administrativo porque estaba circulando dende que no 2009 se fixo?, porque precisamente se algo defende o actual Presidente, Sr.Alvarez Campana, é o Programa de actuacións 2010, que así se puxo ese título, onde estaba unha petición feita por todos nós de recolocar á Pinta pero ganando para os atraques sociais, que dependerían do Municipio de Baiona; non figura a recolocación da Carabela; non figura a actuación sobre a doca; non figura a Estación marítima; home, eu creo que é un home capáz como para si fai un novo documento non incluir aquelo que él está presentando no día a día; polo tanto, creo totalmente nél.
Ese documento hai que retirálo; él ten clarísimo que ese documento non vai a ningún lado, e o que ten que sair é o que entre todos, de forma coordinada, estemos dacordo.
Pola nosa parte o que non queremos é que haxa un fondeo totalmente descontrolado; creemos que o fondeo é un tema solo para medidas de emerxencia, para aquelas naves que necesiten, embarcacións que en temporais precisen meterse a abrigo e ter un fondeo de urxencia para eses casos; o demáis ten que estar organizado; debe eliminarse porque senón ó final a bahía de Baiona estará saturada, colapsada, e non haberá espazo para nadie, nin para a xente do mar nin para a práctica recreativa. Por certo, me parece un pouco demagóxico decir que en Baiona solo hai barcos de abogados, médicos, de Nigrán, Vigo; como si en Baiona non houbera médicos nin abogados; parece que os de Baiona non temos ningunha carreira, non somos nadie; non, haberá de todo, haberá médicos e abogados de Baiona, de Nigrán, Vigo, etc.
O que pedimos sempre é que se respeten os dereitos históricos dos mariñeiros de Baiona para que a xente que ten un fondeo dende fai moitos anos teña a posibilidade de ter un amarre nun pantalán social que dependa do Concello de Baiona, servizos xustos e un escaso coste para éles.
Vamos a pedir a retirada dun documento que é moi malo, que dí que en Baiona se está construíndo unha EDAR, que se hai duas zonas de fondeo, una ampliada eliminando o canal oeste, e despois á dereita de RONAUTICA, e despois tamén o tema da edificabilidade; non estamos para nada dacordo co que se plantexa nese documento; que é un documento orixinalmente do 2006 empeorado no 2009 desa forma; estamos dacordo na retirada; que quede claro que é un documento do 2006, modificado desa forma no 2009, que é un desastre.
Respecto á Comisión de Seguimento o que decimos é que estén implicados evidentemente os partidos políticos, a Cofradía de Pescadores, e sectores sociais de Baiona que teñan algunha relación; e non se olvide, non só o Plan Director do Porto senón tamén o Programa de actuacións 2010, que siga desenrolándose porque estamos dacordo en que se desenrole o tema do pantalán social, o tema da Carabela, o tema da doca, etc., o que estamos falando, o que presentou o Presidente de Portos; estamos dacordo co Programa de actuacións anunciadas por él e iso non debe parar, esa é unha inversión importante que Portos anuncia para o Concello de

Baiona e que dende logo estamos por continuar con ela; iso é o fundamental. E un documento malo, é de xaneiro do 2009, e dende logo para nós se debe retirar.

**SR.LORES, PSOE.-** E curioso como dunha actuación do PP se lle bota a culpa ó PSOE, hai cousas que realmente sorprenden, e sorprenden porque, volvo a decir, eu non sei exactamente cando se fixo ese documento, o que sí está claro é que sabemos cando está publicado; de tódolos xeitos, si se retira, se retira e non hai que darlle máis voltas.
Primeiro, por se hai algunha duda, recoñecer que do Director de Portos, Sr.Campana, nós non temos ningunha duda moral nin persoal, sempre actuou con absoluta cordialidade e deu a máxima información; decir o mesmo do Sr.Jacinto Parga, que en todo momento se prestou para calquer negociación e o Alcalde é sabedor e coñecedor délo, de feito nos recibiron en Santiago polo menos unha ou duas veces e alí fumos coas nosas propostas; e que no seu momento a Administración do bipartito, o Sr.Jacinto Parga, decía simplemente o que está decindo agora o Alcalde: organizar, que non medren os amarres, que non se fagan máis recheos; e por aquelo, por decir o mesmo que agora está decindo o Alcalde, convocouse unha manifestación e parecía que íamos facer un recheo ata as Illas Cies.
Decir, en canto ó tema do cartel, que por activa e por pasiva se dixo que aquelo era un tema de seguridade; por certo, o cartel quitouse, pero as cancelas están na doca; e non as puxo a anterior Administración; e nós entendimos que teñen que estar porque é un tema de seguridade; ou sexa que dentro daquel Programa de Seguridade, como está no Porto de pesca, hai un cartel que dí “Zona portuaria. Prohibido el paso a toda persona ajena al trabajo portuario”, perfecto, esa é unha esixencia de seguridade; así quedou; como tamén era unha esixencia de seguridade que nas escaleiras que suben á doca se poñan cancelas porque hai risco; e ahí se puxeron, e non as puxo a anterior Administración, puxoas ésta, dacordo co mesmo Programa; ¿qué o cartel o quitaron?, non pasa nada, o quitaron e punto; pero non quitaron o demáis porque é un Plan de seguridade que esixe a lexislación.
Polo tanto, cando se quer facer dun tema unha confrontación social, indiscriminada e irracional, faise; e iso foi o que fixo o PP neste proceso do Porto, que sempre, sempre, botou a mán para crear desconfianza sen ningunha razón, como neste caso fai o Sr.Alcalde con este documento; mire, ou é que agora que o PP nesa dinámica de (perdonar a palabra) “enmerdar” todo, quixo sacar isto para que agora o Sr.Alcalde diga que é deses; e que isto empeza a ser maquiavélico; queren decir ó pobo: “miren os do PSOE o que querían; e o quer este señor é moi bó”, non; o que dí este señor é o mesmo que queríamos nós: que se organice, que se defendan os dereitos dos mariñeiros, que sexa compatible a navegación deportiva, a pesca, e a industria mariñeira; que sexa compatible todo iso.
A mín paréceme ben que estén ACEBA e a Cofradía na Comisión, pero o fundamental é que estén os representantes políticos, que somos os representantes deste pobo; polo tanto os primeiros que temos que reunirnos somos nós, e daquela xa se había falado, non sei si estivera incluso o Presidente de Portos con tódolos grupos, xa non recordo moi ben, pero xuntaramonos tódolos grupos e cada ún de nós dixo o que pensaba; iso é o primeiro que temos que retomar, o debate e o consenso dos grupos políticos; despois, ACEBA, e a Cofradía; pero en principio que non se nos faga unha política de feitos consumados; o verdadeiramente importante que é cómo se vai a ordenar, cómo vai a quedar configurada a bahía, as infraestructuras, estáse facendo pola porta de atrás; iso é o que non pode ser; botamos ruido, iso é moi fácil, que si “mira, aquel documento que tenían, pues era de Jacinto, ..”, non; non se trata deso; miren, hai un Plan de actuación onde todos estamos a favor do pantalán social con control municipal, por suposto, para que sobre todo a xente maior poda seguir coa sua actividade despois da xubilación, parécenos algo correcto; a reubicación da Pinta, parécenos tamén ben; do tema do surtidor: puxose o surtidor pero non funciona; ben, ahí está, pero non funciona; o único que fai é un feismo, porque ó final iso non sirve para nada; e temos nun espazo de 500 metros 3 surtidores, 3 fontes de contaminación, iso ao mellor hai que ordenalo tamén; pero ahí está, era unha reivindicación mariñeira e ahí está, sen ningún problema; agora solo falta que empece a funcionar, porque de pouco vale ter un bidón inmenso cheo, ou libre (non sei como está) de gasoil e que esté alí simplemente para que as gaivotas sequen alí as plumas; para iso non vale,

é decir, iso é moi fácil: chegar, pórlo aquí e non facer nada; e marcharmos a outro porto a decir outra cousa. Así vamos.
Sobre a Estación marítima, todos estamos dacordo; entendemos que Baiona ten que ser referente no transporte marítimo de ría, pero claro, xa se nos empeza a meter algo máis: unha cafetería, ou outra cousa, que non está consensuada; non digo nin que sí nin que non neste intre, o que digo é que se está facendo sen consensuar absolutamente con nadie, e iso sí creo que é competencia municipal porque iso non é unha necesidade de uso exclusivamente portuario; de feito creo que hai algunha sentencia por Cangas que fala sobre isto, que Portos é competente para facer tódalas infraestructuras dentro do porto de uso portuario pero todo aquel uso que exceda do portuario ten que contar cunha licenza municipal, polo tanto entendo que é imprescindible que se consensue un Plan Especial entre o Concello e Portos; e o PP, que neste momento ten a maioría, que diga claramente o que quere, pero non por feitos consumados; non pode ser que digan "queremos cafetería, e o demáis, e o aprobo porque teño a maioría, e punto"; non xoguemos a decir unha cousa, facer outra, e botarlle a culpa a outro; hai que ser sensatos e claros. Respecto á Moción estamos dacordo, non hai ningún problema.

**SR.VILAR, CMÑ**.- E un tema xa moi debatido; as veces unha palabra se saca de contexto; si hai unha Estación de viaxeiros, non falaremos dunha gran cafetería, será unha zona pequena onde lóxicamente os que van a sacar un tiquet ou a esperar un barco terán unha silla para sentarse, alguén que lles sirva un café mentres esperan; non estamos falando dunha macro-cafetería nin moito menos; sexamos sensatos.
Repito que o porto de Baiona ten dous grandes problemas: os fondeos que dalgunha maneira se fan de xeito incontrolado, e a ordenación da zona de RONAUTICA; eses son os grandes problemas.
Con relación a RONAUTICA lle volvo a decir ó portavoz do BNG: vostedes non queren nada ahí, queren que siga a cousa plana, pois van a seguir os mesmos galpóns que existen agora; sen nada.
Vostede pide unha utopía, non é realista; ese é o gran problema do BNG: a falta de realismo. Outra cousa é que ahí existan as mínimas instalacións imprescindibles para o que é un gran porto deportivo, que nos guste ou non ahí está, outra cousa é que non ocupen máis lámina de mar (que todos estamos dacordo), pero terá que contar cun número mínimo de dotacións como ten que ter un porto deportivo.
Iso é o que hai que resolver en Baiona; polo demáis creo que este tema xa está moi falado, moi debatido, e todos sabemos máis ou menos o que queremos. Moitas grazas.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** O final o Sr.Vilar non me dixo se lle había aclarado ben as datas ou non; en todo caso, Sr.Alcalde, vostede decía que se fiaba do Presidente; eu tamén; eu tamén porque é unha persoa cun cargo público; pero do anterior, aínda que non me caíra simpático, tamén; Irisarri.
Con Jacinto Parga tiven unha relación moi boa, e non era do meu partido, teño que decílo; e co Sr.Campana tamén; as poucas veces que estiven con él me pareceu unha persoa correcta pero claro, aquí pasa unha cousa, esta persoa mañana pode cesar, e "Lo que el viento se llevó"; pero é que nesta páxina pón os datos que pón e eu non lle discuto que o documento sexa do 2009 ou do 2004 (como incluso pón aquí), non o sei, pero os feitos son que son, por iso facemos a Moción.
Sr.Vilar, senón chegamos nós a presentar esta Moción este documento cumpría o prazo pasado mañana, por iso é importante que a presentemos; é importante.
En canto á intervención de Rafa, a suscribo totalmente; ó final menos mal que nós non saímos salpicados, porque a ver se nos van a botar as culpas a nós, en principio non. En todo caso sí é certo o dos letreiros que comentaches; o Alcalde ahí xoga a sua baza; me parece correcto.
Sr.Vilar, van duas veces que díxeches aquí que o porto de Baiona ten dous problemas e que ún é os fondeos incontrolados; eu xa dixen que están máis incontrolados que nunca dende os que empezaron a controlálos, e o primeiro foi o Sr.Emilio Gallego, do PP, e RONAUTICA. E facendo un pouquiño de memoria voulle a recordar ó Sr.Vilar que él aprobou o proxecto de RONAUTICA;

ou sexa, aquí o único que votou en contra de RONAUTICA foi o BNG. Creo recordar que votaron todos a favor menos o BNG, Sr.Vilar.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Iso é mentira.

**SR.ALCALDE**.- Sr.Fernández, sabe que é unha provocación que pechando o punto aluda a outro concelleiro; así nunca acabamos.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Eres un incendiario.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, non son un incendiario nin un pirómano, nin moito menos; se vostede dí que votou en contra, votou en contra.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Eu non votei a favor nunca, é máis, estiven incluso liderando á oposición en contra.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Sr.Alcalde, xa para rematar, vostede dí que o Plan Especial está en trámite, eu quixera datos sobre o tema.

**SR.ALCALDE**.- Os datos ténlos da última reunión; non hai máis datos nese sentido. Este tema o vamos a pechar xuntos.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Pero pechémolo xa.

**SR.ALCALDE**.- Non é fácil.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Non é fácil porque están as eleccións ahí; é decir: o Plan Especial está no caixón.

**SR.ALCALDE**.- Vostede recordará que cando Almuiña non era Alcalde nin estaba en política vostede xa estaba falando de iso.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Pero nunca fun Alcalde, senón xa estaba resolto. En todo caso, Sr.Almuiña, eu digolle unha cousa: o Plan Especial é competencia do Concello; nas láminas de auga manda Portos e a superficie que se rechea é competencia do Concello; se o Concello no redacta o Plan Especial pode ser Portos quen leve a iniciativa, pero ten que aprobálo o Concello; e de iso somos todos coñecedores.
Polo tanto é importante que isto se resolva dunha vez por todas, e é importante tamén, como fixen na exposición da Moción, que todos nos conciencemos de que a bahía de Baiona ten unha superficie, e é limitada; e hai que chegar a un punto que digamos "pois miren, xa non collen máis embarcacións deportivas porque se metemos máis hipotecan o futuro desta Vila", polo tanto vamos a pór freno a isto, e se acabou; cando non hai máis capacidade non hai máis capacidade, e nada máis; porque estamos vendo que van a chegar a Santa Marta, á Ladeira, e que van a ocupar tódala bahía de Baiona; polo tanto poñamoslle freno.

**SR.ALCALDE**.- Sr.Fernández, cando foi o Plan de Portos de Galicia aprobamos neste Pleno que Baiona o único que incorporaba era o incremento do 10%, que non aceptaba ningún máis; se falaba naquel documento (non sei si se acorda) dun incremento sobre un 200%, e neste Pleno aprobamos que soamente podería haber un incremento como máximo dun 10% das plazas náuticas; con isto quero decir que está limitado por nós.
Da moción que se trae hoxe ó Pleno, por concretar, hai un ofrecemento por parte nosa de chegar a ese acordo, que creo que son temas menores; nos gustaría que nos contestara.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** A nós nos parecen correctos os puntos que anotaron vostedes; o tema da data é unha evidencia que está aquí escrita, de iso non hai nada que decir, pode ser do ano 2009 pero as datas que marca o documento son as que marca. Aquí se fala do análise de avaliación ambiental que foi feito nesta data; o pón aquí; está a exposición pública; é decir: isto que se retire. O que pedimos é que se retire todo o documento, nin máis nin menos; é unha tontería entrar en datas.
En canto ó da Comisión de Seguimento estamos dacordo con vostede en que sexa a Cofradía, non o Cabildo; e tamén dixeron Axentes sociais, correcto; tamén o Plan de actuacións, e continuar co Plan Especial, e nada máis. Nós, a día de hoxe, o Plan de actuacións non o coñecemos, Sr.Alcalde.

**SR.ALCALDE**.- Do programa de actuacións se falou co Presidente de Portos.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Pero nós non o temos.

**SR.ALCALDE**.- O que decimos nós é que se siga desenrolando.

**SR. FERNÁNDEZ, BNG.-** Que se convoque a Comisión e falaremos do tema, Sr.Alcalde, ¿deixámolo así?. No programa de actuacións se inclúe a cafetería, a Estación Marítima, e o fondeo tamén; se o programa de actuacións é o que ven na prensa, eu dígolle o que dixo o Presidente de Portos: *"El Plan previsto también contempla la reordenación del fondeadero situado entre el Club de Yates y el dique de abrigo de la doca"*, e iso é precisamente co que estamos en contra. Creo que o mellor (para que non haxa confusións) é convocar a Comisión de Seguimento e se fala con todo o mundo. Mantemos o primer punto co que estabamos todos dacordo, e a creación de Comisión de Seguimento, ¿correcto?; neses térmos xustos; despois, na Comisión, cada ún que expoña a sua postura.

———————————————————————————

**En primeiro lugar, se someten a votación polo Sr.Alcalde as enmendas á Moción presentada polo BNG, resultando aprobadas por unanimidade.**

———————————————————————————

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

1. **Comunicar á Consellería de Medio Ambiente que de maneira inmediata retire da sua páxina web o documento relacionado co Plan Especial do Porto de Baiona, e a sua análise dos efectos ambientais, por non ser de interese para este Concello.**

2. **Convocar unha Comisión de Seguimento para consensuar as directrices do Plan Especial formada polos grupos políticos, Cofradía, e Axentes Sociais.**

3. **Iniciar a tramitación do Plan Especial.**

**8.- MOCION DO BNG RELATIVA A ESIXENCIA DE MANTEMENTO DO NOITEBUS.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Valverde, BNG.

**SR.VALVERDE, BNG.-** Como ben todos saben o actual Goberno da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente e Infraestructuras, acaba de anunciarnos que deroga a subvención ao servizo

de Noitebus. Digo “deroga a subvención” porque é o que fai realmente, non é que elimine o servizo aínda que lóxicamente deixará de funcionar na meirande parte das suas rutas por falta de financiamento e porque tamén o prezo do billete subirá naquelas en que siga funcionando, polo que deixará de ser interesante para tódolos usuarios/as deste servizo.
Supoño que ningún de nós debería estar contento con esta medida porque é unha regresión nos avances obtidos nos últimos anos en políticas de sensibilización do consumo de bebidas e de sustancias nocivas para os mozos/as; así como para intentar, entre outras cousas, evitar accidentes de tráfico, como quedou ben manifestado no período en que este servizo estivo activo.
Desgraciadamente no verán do 2009 pudemos ver unha campaña de prensa na que se pedía a retirada, por parte do Sr.Alcalde, deste servizo, reiteradamente; e incluso notas de prensa nas que se presentaba o servizo como “botelloneros que veñen a Baiona”. Nós daquela quixemos sacar notas de prensa dando a nosa postura; eu mandei 7 persoalmente a distintos medios escritos deste Concello e ningún se fixo eco délas, por certo; soamente nos medios de Internet tiveron certo eco, entre outras cousas grazas ó noso blog; e non foi posible naquel momento que superan a nosa postura. Agora mesmo sí, sí saiu publicado nalgún medio, a nosa postura é clara e llana: o servizo do Noitebús para nós é algo imprescindible; imprescindible en tódolos lugares, pero sobre todo en Baiona, que é o que nos ocupa neste caso.
Non é unha moción electoralista, Sr.Vilar, xa llo anticipo por se acaso; e no desenrolo do debate plasmarei distintas iniciativas para intentar chegar a un consenso e poder pelexar por ún dos problemas que ten a xuventude actual; sabemos que unha das grandes lacras entre a xuventude é o consumo de alcohol; o botellón non é un problema só en Baiona senón en tódolos lugares; un problema da sociedade neste momento; un problema quee hai que intentar buscar a maneira de chegar a él; pero erradicando o Noitebús para nada se consigue; e me vou a remitir ós datos das notas de prensa do ano 2009 que decían que no entorno da Palma se concentraban os fins de semana entre 3.000 e 4.000 xóvenes; as rutas do Noitebús eran 4, seguen sendo 4; 4 x 55 plazas dánme 220; ata os 3.000 ou 4.000, o Noitebús incide pouquiño: nin ún 10% do total de persoas que poden estar na Palma. Polo tanto entendo que o problema do botellón non é que exista ou non o Noitebús; o problema do botellón é outro ó que haberá que buscarlle a solución polo seu cauce, pero non eliminando este tipo de servizo.
O que sí é unha realidade constatable é que son 220 persoas menos as que veñen nos seus vehículos privados, iso é importante; 220 persoas menos que si compartiran vehículo, a 5 plazas por vehículo, sería un número de 40 vehículos aproximadamente os que rodan menos no traxecto do fin de semana Vigo-Baiona e Baiona-Vigo, e ese sí é un dato moi importante porque son 40, 50, ou 60, os vehículos que saen das vías nas noites do fin de semana que é onde se concentra o maior número de accidentes; as cifras de mortes nas estradas sempre repuntan os fins de semana; sacar eses vehículos da rúa é algo primordial.
E algo (e xa sei por anticipado o que me van a decir porque este debate se trasladou a moitos Concellos e xa sabemos cál é a resposta do PP) que foi escrito e promovido polo Sr.Feijoo na anterior lexislatura, pero que non foi quen de poder poñélo en práctica; foi algo que o bipartito da mán do PSOE (tamén hai que decílo) foi quen o puxo en marcha, dotándoo de partida orzamentaria e pondo en funcionamento, primeiro cun proxecto piloto e logo instalando un montón de rutas que existen na actualidade. Foi algo do que o Sr.Feijoo e o Sr.Agustín Hernández presumiron por activa e por pasiva ata primeiros deste ano, decindo que era un servizo que funcionaba extraordinariamente ben, que querían potenciar e amplar, e nos encheron a prensa de novas e novas sobre isto e todos o aceptamos e miramos como algo moi positivo; e de repente, da noite á mañán, se nos dí que se nos saca polo tema do reaxuste presupostario; unha medida social máis que vai abaixo por un reaxuste presupostario, 4,6 millóns de euros que costa este servizo ata agora, anualmente, se erradican dos orzamentos porque hai outras prioridais. O problema é que se gastaron 4 millóns de euros co Papa o outro día; entón, se a prioridade de traer o Papa é que haxa un montón de vehículos que non estén rodando pola carretera, vale, alá vostedes; para mín esa non é unha prioridade; o Papa podería vir como quixera, e sen cartos públicos pode vir que cartos sóbranlle; andan pedindo o Domund agora ¿non?. Non me confundo, non; confundo 4 millón de euros que se destinan do Noitebús

para a visita do Papa, iso é o que estou decindo, nin máis nin menos; para 200.000 persoas que ían a vir, que non sabemos cantas foron ó final a Santiago.
Esta é a analise da Moción, sen entrar na sua lectura literal, pero sí no espíritu da mesma, e o que pedimos é un acordo para "*Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha reducción das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego*"; decimos "*manter o funcionamento*", é o que estamos pedindo; se son capaces de que sen a subvención se manteña, mellor que mellor; pero que a Xunta manteña o funcionamento destas rutas existentes do Noitebus e a poder ser que as mellore; iso é o que pedimos con esta Moción. Nada máis.

**SR.RODAL, PP**.- Creo que en sus primeras palabras Sr.Valverde, comentaba que el Noitebus es una concienciación al consumo de las bebidas; alucino; o sea, que a la gente se le entrega un papelito con la concienciación de que no tienen que beber, subían con las bolsas ya de las botellas (a veces incluso menores) y ¿eso es concienciación?, no. Una cosa son las campañas que se hacen para que los conductores de los vehículos no beban, obviamente, aunque los demás puedan hacerlo; y otra cosa es que empecemos a hablar del alcohol, que estamos todos de acuerdo en que es una lacra; pero que la gente que viene en Noitebus de ocio y de tiempo libre, de lecer, no vienen a leer libros por la noche, no vienen a hacer deporte, vienen a beber, y eso se sabe; incluso las primeras veces que venía el Noitebús ninguno de los chóferes de ATSA quería hacer el servicio, porque lo que iba en el autobús, sin menospreciar, porque los jóvenes pueden divertirse, pero lo que había allí era una masacre; a veces incluso pedían custodia de la Guardia Civil; o sea que la gente que venía no lo hacía solo a bailar y a pasarlo bien. El Noitebús no es una concienciación para el consumo de bebidas, otra cosa es que pueda salvar alguna vida, ese es otro tema.
Con respecto a la Moción, que el Sr.Valverde no ha leído, voy a hacer una pequeña mención; dice la Moción: "*O PP, a través da Xunta de Galicia, vén de anunciar a súa intención de suprimir....*", antes no comentaste eso; dijiste que el Gobierno de la Xunta está buscando "cambio de financiación", que realmente también tenía que ser subvencionado por las propias Asociaciones, ó restaurantes, ó negocios de la noche, así como también por los usuarios; no es "suprimir" sino que es, digamos, buscar otra financiación; eso sí lo has comentado; pero aquí en la Moción viene "suprimir".
Continúa la Moción: ".... *o servizo coñecido como Noitebus. Esta iniciativa, posta en marcha na pasada lexislatura...", (*es cierto, pero como también has comentado, fué por un Decreto del 2005 cuando estaba gobernando el Partido Popular)*; "... forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria e reducir a siniestralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario...."* (estoy de acuerdo en que es un servicio necesario, pero siempre que estemos en un contexto económico positivo, que no es el momento); "... *do que non se pode prescindir*", sí es un servicio del que se puede prescindir, no es imprescindible.
*"E lamentabel, á par que unha irresponsabilidade, escoitar do Presidente do Goberno Galego que "este é un servizo que resulta innecesario nun momento de dificultades económicas", cando persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) afirma que "este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademáis de contribuir a eliminar vítimas e a concienciar sobre a condución segura", (*es cierto, fué el Sr.Pedro Pastor del Castillo, Jefe de Tráfico de La Coruña, que sí dijo esas palabras pero también dijo "aunque entiende que en un contexto de crisis económica como la actual a la Administración no le queda otra que ajustar los presupuestos", o sea, dijo lo otro pero también dijo ésto).
Continúa la moción: "....*Tamén a plataforma Stop Accidentes uníuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do goberno do PP de "desastre", para engadir que "sempre é máis barato previr que lamentar*"; si lo dijeron, pero también reconoció esta Plataforma que hay muchísimas

rutas en las que la media de viajeros es casi nula, de las 185 rutas de las que estamos hablando.
"*O BNG considera un auténtico desatino a intención do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova non poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumibel pola Xunta de Galiza. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebus pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Un investimento moi inferior ao gasto que o goberno do PP está a facer en propaganda e publicidade desde a Xunta de Galiza";* no sé exactamente cual es la propaganda, el coste, o el presupuesto, que tiene el Partido Popular en la Xunta actual para propaganda pero lo que tengo claro es que el bipartito gastaba muchísimo más en propaganda y eso lo sabe todo el mundo.
*"O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e non en servizos que cumpren unha función social evidente. A Xunta de Galiza debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servizo que ten demostrado a súa necesidade e utilidade".*

Decirle que sabrá que ahora mismo se están realizando 175 rutas distintas a lo largo de toda Galicia, y en verano llegó a incrementarse (estando el PP), en el verano del 2008, un 22% más, llegándose a las 225 rutas, y de hecho la cuantía económica se aumentó también en un 4% (estoy hablando del 2008). También decirle que estos 175 servicios, durante todo el invierno, hacen que sea Galicia la Comunidad de toda España que más rutas tiene; curiosamente, la Comunidad madrileña, que es la que nos sigue, tiene 38 rutas; o sea, un 20% de rutas de las que tenemos en Galicia; y la siguiente, que es la catalana, tiene 16 rutas. Nosotros: 175 rutas, y ellos 16; y Castilla-León ya no tiene ninguno de estos servicios.
Estamos hablando de que es un servicio que puede ser útil, pero también estamos hablando de un contexto económico, y que obviamente los recortes no solamente se hacen aquí; y no tiene nada que ver (Sr.Valverde, ese es un juego muy fácil), jugar con el tema del Papa y con el del Noitebus; él vino en el Papa-móvil, no vino en el Noitebús; y no sé cuanto fué el coste, creo que el Noitebús son 6 millones de euros, y el tema de que viniese el Papa 4 millones, y no es que yo esté a favor de que se gaste esa cantidad en que venga el Papa aquí, lo que sí sabemos es la repercusión que eso tiene no solamente ese día, que no es que hayan venido 200.000 personas a Santiago y hayan comprado y gastado, sino que es el hecho de que es una inversión turística indirecta después, y eso lo sabe usted perfectamente; igual que el otro día en Barcelona, La Sagrada Familia, aquí la Catedral de Santiago; eso es un tema que durante años vende muchísimo más; como también pasó con la Selección Española a raiz de ganar el Mundial: España se vendió en todo el mundo y aumentaron las ventas en muchos sectores. Usted lo sabe, es un turismo indirecto; no es un turismo, como se dijo en televisión de que si ese día en concreto los comercios vendieron más ó menos (venderían algo más pero no creo que facturasen esos 4 millones en ese día), pero a la larga sí se podrá ver; y digo que no estoy a veces a favor de que se inviertan esas cantidades en un acto.
También podemos hablar de lo que es la prevención del alcohol; mueren unas 2.500 personas al año en España en accidentes de tráfico; un 30 o un 35% debido a temas de alcoholismo; en España, y no solamente por salidas de noche, mueren unas 900 personas al año por el tema del alcohol; y lo que habría que hacer, Sr.Valverde, es atajar el tema del alcoholismo, campañas y campañas de concienciación; la gente puede salir por la noche de lecer, de ocio, y en su coche, pero obviamente la persona que coge el vehículo no puede beber; y todos tenemos hijos, que tendrán una edad en la que beberán, o puede que ya lo estén haciendo, pero el que conduce no puede beber alcohol.
Este fué un servicio que se implantó, con una financiación íntegra de la Xunta, y que ahora, por motivos económicos, no se puede subvencionar la totalidad; se están viendo opciones para poder subvencionar algunas rutas.
Según me pareció entender usted estaba orgulloso de que hubieran 4 viajes a Baiona; el Alcalde dijo en sus declaraciones, no solo el Alcalde sino muchísima gente de Baiona, establecimientos y vecinos de nuestro pueblo, que estaban en desacuerdo con lo que traía consigo el Noitebus; no

por la gente en sí, sino por la actitud; porque al final es un botellón ambulante, eso es así; y al final esa gente, como el Noitebus los vuelve a recoger a una cierta hora, pues mueven los contenedores, los tiran por la calle, y crean un montón de problemas; es así. Y el Noitebus es una medida que sí puede erradicar algún fallecimiento, pero no es la solución definitiva; lo que hay que hacer es concienciar a la gente que pueda consumir alcohol, a partir de una edad, de que no puede conducir un vehículo en esas condiciones. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE**.- Aparte de que foi unha iniciativa que puxo en funcionamento o Goberno bipartito, nós sempre estivemos dacordo dende o principio e creo que merece reflexionar. Evidentemente que según como se miren as cousas pódese xustificar ou non a reducción dos orzamentos; si decimos que estamos subvencionando para que os rapaces, a xuventude, poida beber, está claro que automáticamente o recorte ten que ir por ahí; pero si decimos que estamos subvencionando para evitar mortes, eu creo que entón os recortes hai que parálos, porque todo ten solución pero unha familia á que lle morren 1 fillo ou 2 non ten solución. Estas cousas hai que vélas con absoluta claridade e reflexionando, e evidentemente que podemos facer mil campañas, e evidentemente que isto ten algúns danos colaterais ós que hai que dar solución, neso estamos todos dacordo; agora, facer un recorte presupostario nun ámbito onde a consecuencia pode ser un falecemento creo que ahí debemos ser moito máis sensibles e debemos ter un pouquiño de conciencia do que estamos decindo.
Sobre ó que dixeron dos veciños de Baiona, eu tamén vivo no Casco Vello e sufro tamén esa avalancha de xuventude ás veces sen control, pero creo que hai que buscar outras vías de solución, e creo que as hai; ¿qué son custosas?, por suposto, pero haberá que ver como se pode controlar a noite en Baiona, como se poden dar outros tipos de acordos entre os veciños e os establecementos nocturnos para poder chegar a unha especie de consenso e de paz; que ó final tamén é máis orzamento, e non é fácil chegar á solucións cando temos pouca dotación de Policía Local, pouca dotación para un bó servizo de recollida de lixo, etc., todo iso leva consigo que haxa máis gastos.
Temos que centrarnos no que temos que centrarnos, tanto nos rapaces que veñen de Vigo a Baiona como os que van de Baiona a Vigo; porque tamén hai moitos fillos de Baiona que van a pasar unha tarde ou unha noite a Vigo; e en tódalas cidades, en tódalas comarcas, hai os chamados “Buhos”, que funcionan pola noite para evitar algún tipo de desgraza, de accidente. A nós tócanos neste momento decidir e lexislar dende o noso ámbito a nivel municipal e debemos ser sensibles con calquer variación que fagamos nestas iniciativas que teñen como obxetivo a seguridade e evitar desgrazas; non podemos ser frios cos números e decir que non porque non; é prioritario evitar calquer morte da xuventude, tanto de Baiona como doutro sitio; as outras facetas todas teñen solución; unhas, indudablemente, son máis costosas ou máis fáciles, pero iso non impide que teña que haber concienciación por parte das Administracións e por parte do Concello da perigosidade e da nocividade do consumo de alcohol; iso non impide que ten que haber unha conciencia entre os veciños e os xóvenes de que é compatible o lecer nocturno co descanso; e todo iso conleva un traballo e uns costes, un dano colateral co Noitebús, pero si é certo que durante a noite temos unha cantidade de coches circulando polas nosas estradas, e as veces en condicións de máximo risco, creo que a Administración non debe ser allea a ese tipo de situacións e non debe escatimar nin ún so euro nese campo, porque unha morte non ten solución; iso é evidente; e a partir de ahí podemos discutir pero sempre plantexando que ese é un servizo que hai que mantér. Moitas grazas.
**SR.VILAR, CMÑ.-** Hai unha cousa que temos clara: Baiona sufre o Noitebús; creo que o problema é que os partidos políticos, tanto o PSOE como o BNG, como o propio PP, tomaron isto como unha cuestión electoralista; parece ser que para non enfrentarse á xuventude hai que decir:“oye, mira, alto, aquí vamos a pagarlle o Noitebús á xuventude porque senón da a impresión de que estamos contra eles”, resulta lamentable; resulta lamentable a actitude dos 3 grupos políticos, e que incluso o propio Director Xeral de Movilidade último, cando falamos con él o Alcalde de Baiona e máis eu, lle dixemos “por favor, retirar o Noitebús” (e neste caso o Alcalde, e o grupo municipal de Baiona, non teñen que ver nada con esta crítica que estou facendo ó propio Director Xeral de Movilidade do PP) e non o quixeron retirar, decían: “hay que

mantenerlo", eu lles dixen "¿pero non vedes o que está pasando en Baiona?", e lle decíamos que a realidade de Baiona é que incluso á primeira hora da mañán a xente non regresa no Noitebús senón que colle os da liña regular; colapsan os autobuses da liña regular; e se teñen dado casos de persoas que tiñan que estar a primeira hora en POVISA e non poideron coller ese autobús; isto é o realmente grave; non un domingo, senón sábados; un auténtico desastre.
E resulta lamentable a actitude da Administración, e repito que cando critico aquí ó PP non o fago ó grupo municipal de Baiona, tódolo contrario: o grupo municipal do PP de Baiona loitou a tope para suprimir o Noitebús; ós anteriores Directores Xerais de Movilidade, e co que había ultimamente, esgrimímoslles as razóns lóxicas, de sentido común, aportándolle películas do que pasaba no Noitebús, aportando tódalas gamberradas que nos facían polas mañás á primeira hora, incluso cortando as estradas, porque podemos decir ¿qué é peor, que veñan nun coche cunha persoa que non beba (porque esa é a solución: quen vai ó volante non ten que beber), ou que eles fagan auténticas barricadas na calzada?, e incluso a Garda Civil non quería intervir, non querían facélo porque miraban que non había forma de controlálos, ésta é a auténtica realidade: o Noitebús en Baiona era unha auténtica vergonza.
De verdade creo que é unha boa noticia que polo menos, coa crisis económica, a xente vaiase axentando, e digan "hai que beber con sentidiño"; e si teñen que vir nun coche polo menos o que ven ó volante que non beba, ahí é onde hai que incidir coas campañas; e o outro é un negocio; un negocio encamiñado fundamentalmente a favorecer ás empresas do transporte, e éstas moitas veces poñen para Noitebús os vehículos que teñen xa medios desfeitos, que son os que poñen para os rapaces, e llos transportan como se foran ganado.
Creo de verdade que o Noitebús é nefasto; a experiencia que temos é algo lamentable; a mín sorpréndeme que dende a óptica de Baiona, como baioneses, como representantes da Corporación Municipal de Baiona, defendamos o Noitebús; de verdade que é algo que non entendo; e todos falamos de filosofía "vamos no Noitebús e así evitamos as mortes na estrada", non é así: as mortes en carretera se evitan si a persoa que vai ó volante non leva nin un grao de alcohol; esa é a solución. A xente que utiliza o Noitebús ven a Baiona a destruir; o único que nos trasportaba era gamberrada.
Francamente penso que ás veces a crisis económica o que nos fai ser é austeros; da crisis non todo é malo porque se aprende tamén, e se aprende a vivir con austeridade; e moitas veces a xuventude vive como vive, non se dá conta do dano que conleva o alcohol; o alcohol é unha auténtica droga; é quizá peor que outras drogas que están demonizadas, e cando un xóven colle esa adicción na adolescencia é algo terrible que non o saca nunca máis.
Nós o que temos que facer é combatir todo iso con normas firmes, e desgraciadamente os partidos políticos que asumen a responsabilidade pensan máis no voto que noutra cousa e o que están facendo é un dano terrible á xuventude. Polo tanto creo que a supresión do Noitebús é unha boa noticia; e repito que cando critico ó PP o fago a nivel xeral, non a nivel local, que quede claro, porque nós aquí lle fixemos ver ó Director Xeral moitísimas veces que esa era unha política errática, que había que suprimir o Noitebús, que económicamente era nefasto para a Xunta, pero sobre todo educativamente.
Esta Moción é lamentable; e xa non quero pensar que Roberto vive nunha zona alonxada do casco e que non lle importa; creo que a tí como cidadán sí che importan os problemas que se viven na realidade do casco de Baiona co Noitebús; supoño que sí; te preocupará tamén o que pasa na estrada; tamén o mobiliario urbán que se destroza. Francamente creo que é unha boa noticia que se suprima o Noitebús; dá cumprida satisfacción a algo polo que vimos loitando durante os últimos anos, sobre todo por defender a realidade de Baiona; e que conste que non estou contra o botellón, é curioso, o botellón ten as suas cousas positivas, se xuntan os xóvenes e toman unha copa porque as veces nun local lles clavan a intemerata, entón é lóxico que reaccionen, que charlen, que falen; ten cousas positivas o botellón; pero tamén outras que son moi negativas e iso é o que hai que, dalgunha maneira, combatir. Non hai que baixar a guardia con relación ó tema do botellón.
Se tiveran vostedes responsabilidades medioambientais en Baiona daríanse conta da cantidade de efectivos que gastamos nós diariamente, tódolos días no verán á primeira hora; cómo quedan as ladeiras de Monte Boi co tema do botellón, parece unha nevada todo cheo de

plásticos blancos abandonados, iso é realmente triste; pero todo é producto da educación. A mín me dixo unha persoa ligada a Medio Ambiente que a única forma de educar á xuventude nese aspecto era non limpando o que éles manchan, e que logo cando foran e miraran como o deixaron a semana anterior pois ao mellor xa non irían de novo; e repito que este problema é de educación fundamentalmente, e o Noitebús non creo que axudase en nada senón todo o contrario: Baiona sufría o Noitebús.

**SR.VALVERDE, BNG**.- Sr.Vilar, me parece que hoxe non está lucido, acaba de decir que está totalmente en contra do Noitebús e que está a favor do botellón; eu xustamente estou ó contrario: eu sí estou a favor do Noitebús e en contra do botellón.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Eu non dixen iso, dixen que o botellón ten cousas positivas.

**SR.VALVERDE, BNG**.- "Baiona sufre o Noitebús", dí o Sr.Vilar; eu digo "Baiona sufre o botellón"; creo que é a frase atinada. Di tamén que a crise trae algo positivo, que a crise trae paro e polo tanto non se beberá porque non hai tantos cartos para gastar; ¡qué ben que estemos en crisis entón, viva la Pepa!, que siga así. Non lle adico máis tempo, con iso chega.
Sr.Rodal, igual me trabuquei no inicio da miña intervención (cando a acta esté escrita a leerei), porque nada máis lonxe da miña intención decir que o Noitebús era concienciación para que a xente poidera beber e consumir todo tipo de sustancias nocivas; realmente quixen decir o contrario; igual o dixen equivocadamente; si o dixen así rectifico e pido disculpas; leereillo cando esté a acta escrita. O que sí é certo é que saca 220 rapaces que veñen a Baiona, ou que de Baiona se desplazan a Vigo, das estradas; esa é unha realidade constatable.
"E prescindible este servizo" tamén dixo vostede, Sr.Rodal, cando son tempos de crisis; me pregunto eu ¿cánto vale a morte dun xóven nas estradas, entón?; ¿é prescindible este servizo?, porque o fin, o fin, e o obxetivo do Noitebús, é sacar á xuventude da estrada; sacála do perigo da estrada; ese é o fin primeiro e último do Noitebús; non é fomentar nin o consumo de alcohol, nin que se reúnan no botellón, nin nada polo estilo; que se poidan desplazar nas noites para ir ós lugares de lecer nun transporte público e sacálos dos vehículos privados: ese é o fin do Noitebús; así foi creado polo Sr.Feijoo cando o deixou escrito e así foi posto en marcha polo Bipartito con esa mesma filosofia.
4 millóns de euros se gastaron en propaganda. A visita do Papa, nos acaba de decir vostede que foi propaganda, foi difusión turística de Galicia. 4 millóns se acaban de gastar en propaganda, 4,5 millóns nun só día; se gastan eses millóns en retransmisións e demáis dese día para que logo teña unha repercusión, que pode estar ben, ¿qué pode ser que o Papa é u unha boa opción e atrae turismo?, vale, pode ser aceptado, pode gustar ou non, hai outras opcións que tamén poden ser positivas e igual valen máis ou menos, e poden traer máis ou menos réditos nun futuro, pero 4,5 é o que vale o Noitebús en todo o ano; a verdade é que comparando un só día con todo un ano a mín a balanza pésame para un lado.
"Noitebús é igual a botellón ambulante" dixo vostede, "o que fan é trasladar o botellón de Vigo para Baiona", na última parte da sua intervención foi o que quixo decir; eu creo que o problema está realmente no botellón non no Noitebús; sí temos un problema (e xa o dixen na primeira intervención), non só en Baiona senón en tódolos lugares, que é o botellón, e o que hai que facer é buscar a maneira de erradicar ou de aliviar os síntomas do botellón, simplemente; ¿porqué se crea o botellón?, o botellón é un fenómeno social que se ven creando dos 10 últimos anos para atrás, aproximadamente, tal cal se coñece agora; antes había guateques, festas, etc., a xente se reunía en distintos lugares, bebía alcohol, o compraba, o bebía, o repartía e demáis; pero non ía á praza, a un lugar público a bebélo; normalmente non se facía así.
¿Cál é o problema real do botellón?: o custe das bebidas nos locais; se as bebidas nos locais foran máis asequibles a xente non compraría esas enormes botellas de bebida gaseosa e as outras enormes botellas de bebida alcoholica para mezclálas e facer os batidos e tomálos; combinacións explosivas en moitas ocasións porque non están nin racionalizando ben a mezcla; fan a mezcla según lles gusta e logo explota; sen embargo nos establecementos adicados a ésto a mezcla a fan ben, correcta; fan a mezcla de sempre, equilibrada, para que faga os efectos

oportunos; ¿qué hai que facer?: hai que buscar medidas e nadie se pón a buscar medidas a este tema.
Cando vamos de turismo por ahí podemos ver un montón de cafeterías e pubs, eu recordo en Tenerife, en Levante, que teñen a "hora feliz", para poder ir a consumir bebidas alcoholicas a eses lugares, porque unha copa en vez de costarche 3 euros te costa 1 euro; ¿porqué non se propoñen ese tipo de medidas nos locais de Baiona?; en vez de que se vaian á Palma a consumir ¿porqué os locais de Baiona non poñen unha certa franxa horaria para as bebidas alcoholicas?, franxa que se axuste á realidade do consumo de alcohol, claro; que non poñan esa franxa ás 6 da mañán cando xa nadie pode ir a beber; pero sí de 10 a 1 da mañán, por exemplo, uns prezos asequibles para que a xente non teña que irse a facer eses cócteles explosivos na Palma.
A mín paréceme moi ben, é algo que sempre digo, que non temos que pagar por pagar servizos, e as Administracións non están para despilfarrar, nin moito menos; o Noitebús está claro que trae xente a Baiona a consumir en certos locais e que certos locais teñen un lucro, entón esas persoas son as que teñen que pór medios para que esa xente siga vindo; entón ¿porqué non implicamos á Asociación de comerciantes que fale cos distintos comerciantes e que financien parte do billete do autobús?, ¿porqué non?, eu leín na prensa aínda hoxe que os hoteis en Oporto están facendo descontos do que lles costa a autovía á xente de Galiza que queren ir a pasar uns días alí.

**SR.ALCALDE.-** Centrémonos; a discusión es complicadísima.

**SR.VALVERDE, BNG**.- O que quero decir é que existen solucións, que si existe vontade e ganas de facélo se poden erradicar moitos dos problemas que temos neste Concello, pero hai que pórse a traballar, é decir, aquí non vale decir "o Noitebús que non veña" porque antes do Noitebús a Palma estaba como estaba e a xente se reunía igual e a praia estaba chea de bolsas, e despois do Noitebús seguirá igual; esa non é a solución para erradicar o problema do botellón no Concello de Baiona, a solución non é que desaparezca o Noitebús; que é imprescindible para que 220 rapaces, como mínimo, vaian e veñan dos seus destinos a Baiona sen ter que usar o seu vehículo; iso é o principal: poder evitar accidentes e mortes na estrada; iso é o que temos que facer; e aínda por riba os concelleiros do BNG queremos aportar posibles solucións para que se podan estudiar e miren que realmente o problema non está onde o están vendo vostedes, nin máis nin menos.

**SR.ALCALDE.-** Vou facer un par de precisións porque me estou mordendo a lengua e teño que falar; me parece que estamos errando totalmente a mira de onde está o problema. O problema non é o botellón, nin incluso a violencia de noite; o problema máis grande que estamos sufrindo, o que decimos, a discusión que tivemos nós co Director Xeral, é que ó botellón o que non ten que facer a Administración é favorecelo; ¿e porqué porque eu non digo que é boa a medida de que os locais rebaixen as copas para que sexan máis baratas?: porque é mentira que o botellón sexa un tema económico; non o é. Na nosa época, que había so botellón na Anunciada, e na praia tomabamos leite "panteira" e cousas así (1 día, ou 2), as copas eran igual de caras que agora porque eran máis baratas pero a xente tamén tiña menos diñeiro; o problema de agora non é ese. O problema é gravísimo; nunca nunha sociedade, nunca, en Europa, xente tan xóven consume bebidas de tanta graduación: ese é o verdadeiro problema; ¿porqué ocurre o que ocurre coa xente que rompe cousas?: porque son xente moi nova; xente moi nova que ás 10 da noite xa tomou unha botella de whisky cada ún; e por iso dicen que van alí e non van ós locais, porque claro si te bebes unha botella de whisky ás 10 da noite é carísimo, pero sobre todo é un auténtico veneno; iso está matando a chavales de 14, 15, 16 anos, o figado, o cerebro; dentro de 10 anos teremos un problema pero serio porque nunca na historia houbo tal consumo de alcohol de alta graduación a idades tan tempranas; nunca; a xente empezaba bebendo un viño ou unha cerveza ós 18, 20 anos; nunca pasou o que está pasando agora.
Voulle a dar unha noticia: o Noitebús Baiona-Vigo non vai a desaparecer; mire o que estou decindo: non vai a desaparecer; ¿sabe porqué?: porque é rentable economicamente para a empresa; éste é un tema de rentabilidade da empresa e non hai outro, olvidese de filosofías.

E mentira que o Noitebús sexa máis barato e ¿sabe porqué?: polo que decía Manolo, a maior parte dos xóvenes non veñen nos autobuses do Noitebús nin se van néles, se van en líñas regulares, perxudicando ó veciño e veciña de Baiona que ten que ir a Vigo a estudiar, ou ó aeroporto, ou a POVISA, onde sexa; e sí que hai un risco, hai un risco cando cruzan os contenedores na carretera, cando queiman os asientos do ATSA, cando nos chaman a Policía Local e a Guardia Civil para sacar á xente do autobús, cando o conductor do ATSA pecha as portas e sube ó Cuartel da Guardia Civil a denunciar a tódolos que van dentro; hai moito risco. Tamén hai outra cousa, a xente xoven ten que asumir unha responsabilidade; non podemos decirlle: "ti bebe e fai o que te dé a gana que estamos nós aquí para protexerte", teñen que asumir responsabilidais.

Nós, ó Director Xeral, puñemoslle 2 condicións para que se fixeran efectivas; non retiremos o servizo, vale, veña, non o retiremos, pero pómos duas condicións (que creo que non eran nada doutro mundo), unha: que se controlara que non viaxaran menores de idade no autobús, porque eu creo que un menor non debe viaxar so de noite nun autobus; por responsabilidade e porque a Lei dí que un menor non pode andar así; e segundo: que non se deixara entrar á xente con botellas, con bebidas alcoholicas, do punto de saída; por algo tamén esencial, que é evitar que cando cheguen xa estén mal; e dixeron que iso era moi dificil de controlar. Hai paises en Europa onde hai un servizo nocturno para a xente que sae de noite, que a única condición que poñen é que non poden estar borrachos; ou sexa, ó autobús suben os que non están borrachos; a xente ten que ser responsable do que fai.

Outra cousa coa que estou totalmente en desacordo é que se sacan tantas persoas da carretera; moita xente, senón houbera facilidade, senón houbera o efecto que fan as campañas de ATSA decindo "Noitebús en Baiona", moita xente se quedaría en Montero Ríos, en Vigo; pero entende que como hai facilidade pois pode vir a Baiona; se pensaran "teño que coller o coche, ou ir con un amigo; non me compensa".

A Administración non ten para nada que dar facilidades ó botellón, nunca; hai que procurar, o decía Roberto e eu estou dacordo, facer campañas proactivas para decirlle á xuventude que o alcohol non é a resposta, non é o que vai a darte un futuro mellor, tódolo contrario; e a idea nosa é traer á xente, facer conferencias, ver as secuelas deses chavales; hai chavales moi xóvenes ingresados en unidades psiquiátricas polo tema do alcohol, pastillas, e todo o que iso conleva; e unha estadística publicada en LANCE esta semana pasada, unha revista científica de enorme prestixio a nivel mundial, decía que o alcohol é con diferencia o que causa máis danos na poboación; e despois a cocaína; a heroína; e resulta que estamos decindo "nada, máis barato, veña, todo grátis, vamos a subvencionar,...", o seguinte será que a Administración, a Xunta, dé unha bolsa co alcohol para que vaxan bebendo; creo que tenemos que evitar isto. E repito que o Noitebús en Baiona vai a seguir, e desgraciadamente vai haber moitos xóvenes que seguirán consumiendo altas cantidades de alcohol de alta graduación; iso é negativo; temos que tratar de evitar eso entre todos e non facer demagoxia decindo "libertad, que beban,..", iso non é bó; ¿qué fagan deporte?: cojonudo, ¿un autobús para ir de noite a correr unha carreira?: perfecto; pero para isto non.

As duas condicións que pedíamos eran esas: que se controlara ós menores de idade e que non se deixaran subir bebidas alcoholicas ó autobús; iso era o que pedíamos, e iso non se quixo facer tampouco; por iso digo que a moción en Baiona é papel mollado, non vai servir para nada, da igual que haxa Noitebús que que non haxa; va haber Noitebús, pero o problema o seguimos tendo ahí, exactamente igual; desgraciadamente ese é o gran problema, e non vamos nós aquí a poder resolvélo porque é moito máis grave do que se pensa; para mín moito máis grave que a crisis económica, moito máis grave que calquer outra cousa, porque é unha xeneración que vai ter grandes problemas; grandes problemas de saude, de organización, e de convivencia; graves problemas, porque nós estamos vendo para arriba e non queremos ver o que estamos vendo; de verdade que se andades de noite por ahí o que está pasando non é normal, non é normal; eu saín de xóven como calquera de vós, pero o que está pasando neste momento non ten comparación, non pasou nunca na historia, nunca; e o vamos a pagar.

**SR.LORES, PSOE**.- Ten razón en que é unha situación difícil e complicada, o sobre todo difícil de acadar unha solución; pero non debemos confundir que a retirada do Noitebús vaia a rematar coa problemática seria que é o consumo de alcohol; tampouco debemos xeneralizar posto que hai moitos xóvenes polo noite que están ben; o que pasa é que hai un reducto máis ou menos numeroso, tanto de fora como do noso propio Concello, cuio obxetivo é emborracharse e canto antes mellor; e creo que isto coa retirada do Noitebús non se vai a eliminar porque se damos un paseo pola noite dun sábado ou un vénres, no verán, veremos que hai moitos máis xóvenes que os 200 e pico que veñen no autobús, bastantes máis; e o problema segue estando ahí aínda que o retiremos. Creo firmemente no transporte público, e tamén no transporte público nocturno;debe manterse este servizo sempre que haxa desprazamento da poboación porque iso evita, tanto polo día como pola noite, as aglomeracións na estrada e polo tanto a disminución do risco de accidentes.
A mín no me parece mal que se esixan ese tipo de controles, que nos autobuses se manteña unha certa postura, que non se podan meter bebidas de alta graduación, e que os menores a partir das 12 da noite, como a Lei dí, non podan viaxar solos; a mín esas cousas paréceme razoables, ou sexa, que se cumpra a Lei paréceme razoable, e máis por parte dunha Administración municipal é o que hai que esixir; e tamén garantizar, dentro do Concello, a seguridade e organización necesarias si é que pola noite estamos recibindo unha poboación que non recibíamos antes (con Noitebús ou sen Noitebús); ao mellor temos que empezar a buscar servizos nocturnos que den esa seguridade e iso lóxicamente é un problema estrictamente económico porque non se poden pagar tódolos servizos 24 horas do día; polo tanto haberá que solicitar ás Administracións Autonómicas, do Estado, ou provinciais, esa colaboración que se necesita nun Concello cunha limitación económica como pode ter o Concello de Baiona e con esa superpoboación que existe polas noites. Iso é algo que hai que afrontar, con Noitebús ou sen Noitebús; o que non podemos ter é ese volume de persoas dende as 11 da noite ata as 6 da mañán e que aquí non poidamos ter un bó servizo de Policía, un bó servizo de recollida de lixo, un bó servizo de seguridade, un bó servizo de taxis, etc., ese tipo de cousas son ás que temos que darlle solución dende o Concello, que non sempre se poden dar dende o Concello pero sí hai que tratar de organizarse para conseguir a colaboración necesaria. Creo que o debate ten que ir máis por ahí que con eliminar ou non o Noitebús; é un problema de servizos, é un problema de organización; e respecto ó tema do alcohol penso que é independente do Noitebús, ou sexa, a maioría dos xóvenes que veñen aquí no Noitebús poden vir aquí a facer botellón, ou non; e os qie andan rompendo contenedores non sei se son os que veñen no Noitebús ou non.
Non hai que darlle as costas a unha realidade e non suprimir un servizo para decir que non hai problema; o problema vai a estar ahí. Polo tanto mantér o servizo de transporte público nocturno paréceme ben, como existe en tódalas cidades e en tódalas comarcas onde hai desprazamento de poboación; creo que hai que mantélo. Decir tamén que isto non xustifica, nin con isto se está apoiando o consumo de alcohol, tódolo contrario; son debates completamente independientes ós que hai que buscarlle solucións totalmente independientes.
Nós estamos porque se manteña o Noitebús, e como o Alcalde xa dixo que sí se ía mantér pois perfecto. Moitas grazas.

**SR.VALVERDE, BNG**.- Para pechar decir que básicamente concordamos en tódolo que dixo o Sr.Alcalde, excepto na eliminación do Noitebús; no resto suscribo as suas palabras e coido que a peor lacra que temos nestes momentos é esa, e coido que tódalas Administracións, incluída a local, temos que volcar os nosos esforzos e intentar buscar medidas que consigan paliála canto antes mellor. Outra das cousas que dixo: que o Noitebús regresa vacio; penso que hai que plantexarse a hora á que regresa o Noitebús, porque senón se adapta ó horario de diversión dos xóvenes pois de nada sirve tampouco. E decir, ao mellor haberá que replantexarse o funcionamento dese servizo nas horas en que ten que traballar; e como non, eu apoio as medidas que acaban de comentar, de controlar o seu uso, e as persoas que entran, e o que levan, lóxicamente; o apoiamos rotundamente.
A filosofía da Moción non é outra máis que evitar mortes nas estradas, intentar que ese risco se reduzca o máximo posible, e buscar solucións para que eses servizos públicos se sigan

mantendo ou se podan amplar, no seu caso, sen obviar o outro problema grande que temos ó que hai que pórlle as medidas de correción oportunas no seu momento. Nada máis.

________________________________________

**(Sendo as 18,45 horas, abandona o Salón o Sr.Rafael Estévez, PSOE).**

________________________________________

**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Moción presentada polo BNG, resultan: votos a favor, 7 (5,PSOE; 2,BNG); votos en contra, 8 (7,PP, 1,CMÑ). Polo cal o Pleno, por maioría, rexeita a Moción do BNG.**

**9.-MOCION DE URXENCIA.- MANIFESTO DA CORPORACION MUNICIPAL DE APOIO Á PLANTILLA DE POVISA.**

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Unha puntualización: nós levamos dende sempre en contra dos Convenio que ten o SERGAS con POVISA, creemos que dunha vez por todas teñen que deixar de encherse o peto os accionistas de POVISA co diñeiro público, debido a que cobran un importante diñeiro tódolos anos e iso provoca ó final o que provoca na Sanidade pública; simplemente decirlle que nós aceptamos esta Declaración, cunha puntualización: que isto sexa unha medida transitoria mentres non se poña en funcionamento o sistema público, evidentemente; é decir, mentres non se poña a funcionar o novo Hospital. Quero facer esta puntualización; non vamos a abrirlle a veda outra vez a POVISA durante 10 ou 5 anos máis; non sei o tempo que se vai a tardar en facer o Hospital pero que sexa o tempo establecido para ese período nada máis.

**SR.ALCALDE**.- O que se pide neste manifesto é que se apoie á plantilla de POVISA nesa situación porque está dando atención sanitaria ó noso Concello, á área, e o que se pide é que se asine o Convenio nos térmos adecuados; precisamente están en discusión o tema dos anos, o tema dos cartos, etc., pero nós o que instamos é que haxa un acordo o antes posible porque senón a plantilla se pode ir á calle e os pacientes non disfrutarán desa atención.

________________________________________

**Se procede á votación a Urxencia Moción, resultando aprobada por unanimidade.**

________________________________________

Dase conta da Moción, que dí literalmente:

**Teniendo en cuenta que POVISA es el Centro Médico referencial para los vecinos del Val Miñor, teniendo conocimiento de que la citada empresa ha manifestado públicamente su intención de reducir la plantilla y siendo conscientes de la preocupación que este anuncio ha causado entre los vecinos y vecinas de la comarca miñorana que temen una disminución de calidad en la asistencia sanitaria.**

**La Corporación de Baiona en el transcurso del Pleno Ordinario correspondiente al mes de noviembre, celebrado a las 16:00 horas del día 10, ACUERDA:**

**1º.- Apoyar a la plantilla de POVISA.**

**2º.- Solicitar a POVISA y al Servicio Gallego de Salud que lleguen a un acuerdo y firmen cuanto antes el Convenio que permita a los pacientes seguir disfrutando de la calidad asistencial que hasta ahora veníamos recibiendo.**

**Baiona, 10 de noviembre de 2010**

_____________________________

**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a presente Moción, resulta aprobada por unanimidade.**

_____________________________

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**1º.- Apoiar á plantilla de POVISA.**

**2º.- Solicitar a POVISA e ó Servizo Galego de Saude que acheguen a un acordo e asinen canto antes o Convenio que permita ós pacientes seguir disfrutando da calidade asistencial que ata agora víñamos recibindo.**

**-MOCION DE URXENCIA DO BNG.**

O **SR.FERNANDEZ, BNG,** da lectura á seguinte **MOCION.**

**O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PRESENTA O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA A SEGUINTE MOCION:**

A pesares de tódalas reformas que se levan feito nos últimos anos no código de circulación, cada fin de seman, cada día en calquer estrada, seguen producíndose accidentes, nos que case que sempre acaban con víctimas, moitas veces mortais ou con graves secuelas de por vida.
O noso Concello non escapa a esas estadísticas, dende o BNG entendemos que tanto o Goberno Local como dende a oposición, temos a obriga de aportar solucións aínda que sexan de ámbito local para frear esta lacra social.
Concretamente a estrada EP2204 (Sabarís-Belesar) de ámbito local aínda que de titularidade provincial, é un vial que a pesares da pouca ou mediana densidade de circulación, é unha estrada no que o índice de siniestralidade é moi alto, sen dúbida ningunha debido ó exceso de velocidade ó que se circula diariamente.
Existen sobor de todo, dous puntos negros que destacan sobre os demáis, á altura do Colexio Público de Sabarís e no cruce do Caeiro-Xuncal, mais aínda cando son as horas de saída-entrada do Colexio ou recollida do autobús escolar. E preciso polo tanto tomar medidas especiais para problemas tan graves como os que se dan nestes puntos a diario, a seguridade dos nenos/as, dos veciños en xeral e a tranquilidade dos pais e nais vale a pena.

E polo que o BNG ten a ben facela seguinte proposta de **ACORDO:**

**1º.- Solicitar á Deputación Provincial dous pasos elevados de peóns á altura do Colexio Público de Sabarís, e dous pasos elevados de peóns para a zona do Xuncal-Caeiro á altura do cruce e da marquesina escolar co fin de disuadir ós conductores de vehículos das velocidades que circulan habitualmente.**

**2º.- Solicitar tamén o remate das obras iniciadas fai catro anos no cruce do Xuncal-Caeiro coa creación das isletas previstas e o pintado da estrada.**

__________________________________________

**CONTINUA.-** Sr.Alcalde, o outro día me dixo na Comisión Informativa que isto debería ser un ROGO, e eu discrepo porque dunha Moción podemos facer un debate e dun rogo non; de tódolos

xeitos eu lle explico o que pasou na realidade: nós esta moción xa fai tempo que a temos preparada e de feito a presentamos xa non sei fai canto; o que fixemos foi solicitar e expórlle ós pais unha recollida de sinaturas en apoio a esta Moción e ó final, sorprendidos de verdade, conseguimos case 350 sinaturas, que foron entregadas hoxe por rexistro pola mañán; sorprendidos porque pensamos que ían a ser moitas menos. Pero evidentemente a cousa é gravísima; e vostede me dixo na Comisión Informativa que isto ía ser un Rogo cando realmente nós tiñamos todo presentado, case todo xa recollido, a nota de prensa xa habíamos mandado o mesmo día que o metemos por rexistro e nola sacaron ó día seguinte; de verdade que foi así; e a cuestión é que este tema lle preocupa moito á xente; dígolle de verdade que non ten habido víctimas mortais de casualidade, de miragre; na parada do bús son 20 críos e aquelo é unha locura polas mañáns.

**SR.ALCALDE**.- Eu na Comisión Informativa non dixen que fora un Rogo porque non tivera tema suficiente para ser unha Moción; dixen que fora un Rogo porque fai 1 mes aproximadamente pedín ós inxenieiros da Deputación que estudiaran ese tramo; nunha carretera déles nunca os técnicos municipais lle din ós técnicos de Deputación que poñan un semáforo, ou calquer outra cousa; estamos pendentes da contestación da Deputación e despois o discutiremos nun Pleno ou onde faga falta; por iso dixen que vamos a esperar a ter tódala información; e sinceramente, os pasos elevados teñen cousas a favor e cousas en contra. Nós temos previstas outras medidas, en canto a Deputación diga, xa o comentei na Comisión, como utilizar o radar de tráfico en Convenio co Concello de Baiona e colocálo en certas localizacións; unha é concretamente na carretera de Belesar, tamén en Bahíña, e noutras zonas onde a xente vai rápido; e que sabemos todos quen son, son poucos pero elexidos, e ós que selectivamente hai que ir a por eles. A Deputación está estudiando o tema, dixeronme que en breves días me darán a contestación inmediata; haberá un semáforo, por exemplo, na parte de arriba, no cruce de Medialdea e Urgal, no cruce máis arriba, na Barxa; e tamén (por certo, pode falar con FENOSA) precisamente en Caeiro ún dos problemas que hai é coa torreta de FENOSA, que non quer mover o poste famoso. Quero decir que si podes influir no tema, sería interesante.
Entendo que en breves días a Deputación tomará medidas para dar solución a parte deste problema; decir tamén, e toco madera, que non é o punto máis conflictivo do Concello, non o é, aínda que é un tema que nos preocupa porque sí é certo que é unha zona con nenos, cunha carretera pola que hai xente que circula a excesiva velocidade; e vamos a actuar en varios focos; en canto teñamos o informe llo faremos chegar para discutir todas estas medidas e a mellora da carretera.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Quero poñer un exemplo, nunha carretera provincial, como é o acceso a Tomiño dende a carretera A Guardia-Tui, diante do Instituto de Tomiño; non fixeron os pasos elevados senón que fixeron unha franxa ó principio e outra ó final e no medio o paso de peóns, é decir, que cando chegan ó paso de peóns teñen que aminorar a velocidade; eu creo que esa é a medida máis acertada de toda de canto vín ata agora; e os radar tamén son boa idea, e nós, cando gobernabamos, e eu estaba de responsable de tráfico, sí o fixen varias veces.
Tamén outra cuestión: lle pediría, como un rogo nesta Moción (que xa lle comentei ó Sr.Vilar e se debeu de esquecer), no Xuncal habíamos feito no noso goberno unha marquesina, e non chega; hai que facer outra na acera de enfrente, que agora hai sitio de sobra, ben orientada á choiva e ó vento. Sr.Vilar, é urxente porque hai máis de 20 nenos e a marquesina que se había feito daquela non é dabondo agora; agora mesmo hai moitos alumnos e alumnas seus que teñen que estar á choiva.

**ROGO**.- Rogaríalle, Sr.Alcalde, que dé as órdenes oportunas para que veña máis explicada a relación de Decretos porque parecen mensaxes en morse; ás veces incluso os mensaxes de móvil son máis longos que éstes; moitas veces non entendemos a que se refiren e nós non podemos ver tódolos expedientes.

**PREGUNTAS DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ:**

**1º.-** ¿Existe algún tipo de negociación ou Convenio para a compra ou permuta por parte do Goberno local, como propiedade municipal, da propiedade do edificio que se vai a derribar en Carabela Pinta?.

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.

**2º.-** O asfaltado dos viais de Santa Marta e de Punxido, ¿a qué proxecto corresponden e que orzamento teñen?.

**3º.-** ¿Cándo pensan presentar os orzamentos do 2011?. (No próximo Pleno non me conteste porque xa remata o ano, ahí está a cuestión: a pregunta do millón).

---

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as dezanove horas do mesmo día,de todo lo cal como Secretaria,CERTIFICO.